



Talasonimia da costa sur de Galicia

DA PUNTA DO CARANGUEXO
(PANXÓN, Nigrán) Ó REGUEIRO
DA GÁNDARA (SALCIDOS, A GUARDA)

Xosé Lois Vilar Pedreira





Esta publicación foi parcialmente financiada pola Deputación de Pontevedra. Agradecemos tamén o financiamento do proxecto Ronsel, convenio de colaboración asinado polas Consellaría de Cultura e Deporte, a Consellaría de Innovación e Industria, a Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (AGADER) e as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o inventario, salvaguarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.

- © Da presente edición: Instituto de Estudos Miñoranos
- © Do texto: Xosé Lois **Vilar Pedreira**
- © Da fotografía aérea: SITGA e Confrarías de Baiona e A Guarda
- © Da fotografía histórica: Arquivo do IEM
- © Da fotografía actual: Xosé Lois **Vilar Pedreira** e Rosana Estévez
- © Do traballo de campo: Roberto **Rodríguez Álvarez** e X. L. **Vilar Pedreira**
- © Do Cad. de Selegante: Herdeiros de José A. **Selegante Pérez**

- Deseño da cuberta: Pedro Telmo **Rodríguez Castro**
- Deseño e maqueta: Daniel **Sotelo**
- Debuxo da cuberta: Iván **Rodríguez Castro**,
sobre apuntamentos de José A. **Selegante Pérez**

Edición ao coidado de: Antón **Mascato**

Asesoramiento Lingüístico: María Xosé **González Chamorro**

Execución gráfica: Obradoiro de **Nova Galicia Edicións**
novagalicia@novagalica.com


1ª edición: xullo 2008
2º edición: xuño 2009

Dep. Legal: VG 1009-2008
ISBN: 978-84-92590-27-8

Instituto de Estudios Miñoranos (IEM)
Director: Carlos **Méixome Quinteiro**
Apartado 30 - 36380 Gondomar
<http://www.minhor.org>-e-mail: [dirección@minhor.org](mailto:direccion@minhor.org)

ÍNDICE




Adro	9
Limiar	11
Introdución	15
Obxectivos e metodoloxía	19
Marco xeográfico: O relevo, recursos humanos e economía	25
Fontes bibliográficas e cartas náuticas	35
A recollida oral. Os resultados	51
Os xenéricos	67
Os nomes do mar: a súa temática	75
O patrimonio marítimo e fluvial	83
As marcas	89
O caderno de marcas de Selegante	95
Fotografía aérea	159
Relación de topónimos	221
Coda	241
Bibliografía	251






A Lucio "O Negro", fillo bravo do "Jesuíta" de Baiona, finado logo de esmigallar A Parede en Rapachaquetas, O Baixo de Sudoeste, A Laxe e O Baixo Alto.

A Pepe Selegante, que nos fixo entender que velear era arte, largar nasas era arte, marcar por María da Manta ou polo Collón e Medio era arte.

E por suposto a meu avó, Manolo "O Gardés", de quen non souben tirar proveito do cosmos mariñeiro que portaba debaixo da boina, áinda que me ficou claro, os baixos do Lobo son O Xuramentado, O Lobato e A Laxe do Lobo que rompe cun campanaso.






Adro


En maio de 2007 xorde o proxecto Ronsel, froito da colaboración entre as Consellarías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Xunta de Galicia e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. As tres guías fundamentais deste proxecto, a desenvolver en cinco anos, son a realización do inventario, a salvagarda e a posta en valor do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) de Galicia a través da súa documentación e investigación exhaustiva, así como da súa promoción, protección, difusión e transmisión.

Segundo as definicións da UNESCO, enténdense por inmateriais os empregos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas - xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos asociados a esas prácticas- que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural.

Fronte a un patrimonio ata hai ben pouco monopolizado por unha idea de bens monumentais ou artísticos accesibles mediante intermediarios autorizados, o xiro inmaterial establece que cadaquén participa na construcción dese legado e que os seus creadores e intérpretes medran co intercambio e a transmisión.

Xustamente nesta liña o proxecto Ronsel comprácese en colaborar na edición nun dos primeiros traballos nos que o territorio é renomea-





TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

do polos seus propios habitantes, e non únicamente mediante a memoria e as palabras, senón a partir dunha observación viva e sempre cambiante, feita de perspectivas, referencias e horizontes. Trátase dunha primicia en Europa no campo da talasonimia mais, sobre todo, ao desfacérense as diferenzas entre a costa e o interior, o presente estudo propón un convite extraordinario para o descubrimento do mundo no que vivimos.


Quixera aproveitar para expresar a importancia da sociedade civil para o mantemento do legado cultural que hoxe presentamos con esta edición. Persoas, institucións e asociacións como o Instituto de Estudos Miñoranos fan posible pensar na valorización do patrimonio cultural inmaterial, a partir dos sólidos estudos e achegas que realizan.

Iván Area Carracedo
 Coordinador xeral do proxecto Ronsel
 Vicerreitor de Relacións Institucionais
 Universidade de Vigo

Limiari

O lector ten nas mans unha extraordinaria contribución ao coñecemento da cultura tradicional mariñeira. En rigor trátase de dúas contribucións, estreitamente relacionadas mais diferentes. A primeira é a publicación de parte dos resultados dun pormenorizado traballo de campo que recolleu *in situ*, directamente da boca dos informantes locais, toda a toponimia da parte máis meridional da costa galega. A segunda é a edición dun documento excepcional: o Caderno de Marcas de Selegante.

Os nomes que designan lugares no mar e na costa presentan características específicas que os diferencian do resto dos nomes de lugar. Non só porque se aplican a espazos ou realidades xeográficas exclusivas do medio mariño e litoral, senón tamén porque con frecuencia responden a motivacións moi distintas das que dan orixe aos nomes de terra. Por outra banda, ao designaren espazos non susceptibles de convertérense en propiedade, os topónimos mariños non adoitan contar con tradición escrita, non sendo os relativos aos principais accidentes xeográficos ou os que teñen importancia para a navegación, que si se recollen nas cartas mariñas, áinda que non sempre con fidelidade á forma viva na tradición oral, pois conteñen moitos erros de interpretación ou de grafía que van transmitíndose de mapa en mapa, de carta en carta. Como acontece con toda a cultura de transmisión exclusiva-



mente oral, moitos dos topónimos mariños están suxeitos a variabilidade e o seu grao de fixación é moito menor ca no resto da toponimia, de aí que abunden os casos en que conviven dúas ou máis denominacións alternativas para un mesmo lugar, ou diversas variantes dunha mesma denominación. Os máis deses topónimos son compartidos por unha pequena parte da poboación e transmítense dentro de límites moi restrinxidos: a cultura oral dos seus veciños inmediatos ou dos seus usuarios. Dadas as profundas transformacións dos modos tradicionais de vida que está a experimentar a sociedade actual, a maior parte destes topónimos atópase en gravísimo risco de desaparición, polo que resulta evidente a urxencia e a importancia de traballos de campo coma o realizado por Xosé Lois Vilar e Roberto Rodríguez Álvarez no litoral dos concellos de Nigrán, Baiona, Oia e A Guarda, así coma outros traballos semellantes que na actualidade se ocupan da recolleita e o estudo da toponimia litoral e mariña doutras zonas da costa galega (por exemplo, o levado a cabo por Iván Sestay no Morrazo..., ou por colectivos e asociacións culturais, coma os de Cesantes, en Redondela, ou Mar de Lira, en Carnota...).

En moitos casos, o léxico da toponimia mariña coincide co da toponimia de terra, adaptada a novos significados específicos (paso, carreiro, pedra, peniza...); noutros constitúe toponimia específica do medio mariño, como acontece cos derivados de nomes de peixes, por exemplo. Na relación dos topónimos recollidos neste volume son particularmente salientables os que derivan dos nomes de embarcacións naufragadas, que por veces incorporan palabras de orixe exótica, con frecuencia alteradas en curiosas acomodacións á fala local.


Tamén presenta características excepcionais a toponimia relativa ás marcas, que non designa propriamente accidentes xeográficos senón realidades invisibles dos fondos mariños ou puntos aparentemente imprecisos na superficie do mar, que se identifican por relación a dous ou máis puntos en terra usados como referencia. Ademais do seu valor intrínseco, esta toponimia das marcas contén o interese engadido de que as referencias en terra, por veces situadas a moi longas distancias do punto de observación desde onde se lles dá nome, presentan na linguaxe mariñeira denominacións que obedecen a motivacións pura-

mente visuais e que poden non coincidir cos nomes que reciben en terra os mesmos accidentes.

Na tradición da cultura da pesca litoral, a identificación de puntos concretos no mar constitúe un capital de coñecemento, o que dificulta máis aínda a divulgación e fixación da súa toponimia. Parece razoable que un individuo ou unha familia que descobre un lugar de interese poida desexar non compartir a súa descuberta, para poder tirarlle beneficio en exclusividade. Isto vén engadir unha nova dificultade á recolleita deste tipo de topónimos, de aí a excepcional importancia etnográfica de documentos coma o Caderno de Marcas de Selegante, que fixa por escrito unha sabedoría que polo regular non adoita saír da tradición oral.

Xosé Lois Vilar Pedreira vén desenvolvendo desde hai anos un labor admirable na recuperación do patrimonio cultural. Cunha paixón e un entusiasmo igualmente admirables, acomete ese labor en campos diversos, dende a arqueoloxía, que constitúe a súa especialidade académica, ata a etnografía, a antropoloxía e a historia. Ten ademais o don de contaxiar ese entusiasmo e esa paixón, o que o converte nun auténtico dinamizador cultural, un axente civilizador de primeira magnitude que, rescatando do esquecemento formas do noso patrimonio cultural común, nos agasalla enriquecéndonos a todos nós. Este libro é unha nova mostra do seu entusiasta e xeneroso labor a prol da recuperación e dignificación do patrimonio cultural de Baiona e do Val Miñor, ou sexa, do patrimonio cultural de Galicia e da Humanidade.

Gonzalo Navaza
Membro da Comisión de Toponimia de Galicia
Presidente da Asociación Galega de Onomástica



Introdución


Un país como Galicia, con 1.720 km de costa¹, contou até o último terzo do século XX con poucos estudos sobre o mundo mariñeiro. Estes comezan a remates do século XVIII coas preocupacións ilustradas de Cornide sobre os problemas da pesca e a historia dos peixes. Antes de rematar este século xa se conta cun imponente dicionario de Sáñez Reguart² sobre “las artes de pesca nacional”, publicado en cinco tomos entre 1791 e 1795, con magníficos debuxos debedores da monumental obra do francés Duhamel de Monceau.

Será escasa a produción bibliográfica do século XIX, pero non podemos deixar de citar a obra de Mariano de la Paz Graells, centrada no departamento marítimo do Ferrol e que combina aspectos biolóxicos, etnográficos, económicos e sociais. Temos tamén un libriño de don Joaquín Díaz de Rábago encargado pola “Sociedad Económica de Amigos del País”, editado en 1885, sobre a cuestión obreira no tema da pesca en Galicia.

¹ Son diversos os quilómetros de costa publicados. Van desde os 693 de Cortizo ós 1309 de González Vidal, pasando polos 1195 de Labarta. Todos citados por Calo Lourido en *O mundo mariñeiro*. Tomo XXV, *Antropoloxía . Mariñeiro*. Creación estética. Hércules de Ediciones, A Coruña, 1997, páx. 22.

Nós citamos 1720 km de Vilas Martín, Federico et alii, *Xeoloxía Mariña*. Tomo XXXVI de *Natureza. Historia Natural. Xeoloxía*. Hércules de Ediciones, A Coruña, 2002.

² Antonio Sáñez Reguart, funcionario catalán , que edita entre 1791 e 1795 cinco tomos do *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*, reeditado en 1988 polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación . Este mesmo Ministerio edita en 1993 un libro inédito de Sáñez Reguart titulado *Colección de producciones de los mares de España*.



No primeiro terzo do século XX destaca a figura de Benigno Rodríguez Santamaría, militar da mariña española, que escribe tres obras³ fundamentais sobre a pesca en España, ocupando Galicia un lugar destacado. É preciso salientar o *Diccionario de artes de pesca...*, editado en 1923, pola enorme cantidade de datos que nos aporta, tanto etnográficos como sociais, lexislativos e estatísticos, así como un gran apoio gráfico de fotografías e debuxos.

Sobresaen tamén, Xaquín Lourenzo Fernández, quen publicou na revista Nós un estudo sobre as dornas do Porto do Son en 1934 e Filgueira Valverde, en 1946, o arquivo de mareantes de Pontevedra.

É o profesor Galván Tudela⁴ quen, nunha publicación de 1989, cita a tesiña de licenciatura de Francisco Calo Lourido, presentada en 1974 e publicada en 1978, como un traballo pioneiro nos estudos de antropoloxía mariñeira, non só en Galicia, senón en todo o estado español porque introduce unha perspectiva histórica e analiza a familia mariñeira como comunidade económica.

Tamén é verdade que non podemos esquecer publicacións de tipo económico ou técnico de Paz-Andrade ou de Domingo Quiroga nos anos 50 e 60, pero é certo que o traballo de Calo sería o punto de arranque de traballos sobre o mundo mariñeiro; uns sobre aspectos económicos, como os de González Laxe ou Pardellas; outros sobre bioloxía, vinculados ós Institutos de Investigacións Pesqueiras e ó Oceanográfico; outros sen embargo foron concibidos desde o punto de vista histórico, son traballos estes últimos de Rodríguez Galdo, Meijide Pardo ou Santos Castroviejo, a remates dos anos 70.

Será moi prolífica a década dos 90, e comezos do século XXI, en estudos contemplados dende diferentes perspectivas: historia, etnogra-

³-1911, *Diccionario ilustrado, descriptivo, valorado, numérico y estadístico de las artes, aparejos, e instrumentos que se usan para la pesca marítima en las costas del Norte y Noroeste de España*, Artes Gráficas Mateu, Madrid. Reeditada pola Editorial Roig, Valencia, 1996.
 -1916, *Los pescadores del Norte y Noroeste de España: su vida social y particular por provincias*, Imprenta Alemana. A edición que nós manexamos foi a facsimilar do Consello da Cultura Galega de 2005, cun magnífico estudo introdutorio de Francisco Calo Lourido.
 -1923, *Diccionario de las artes de pesca de España y sus posesiones*, Sucesores de Ribadeneyra, Madrid. A Xunta de Galicia fixo unha edición facsímil no ano 2000.

⁴ Galván Tudela, Alberto, 1989, "Introducción" en Galván (coord.): *Vivendo do mar. Antropoloxía da pesca en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago, pp. 29-74. Citado por Calo Lourido (1996) e tamén por García Allut (1995).

fía, bioloxía, naufraxios, etc. Mesmo teses de doutoramento, exclusivamente antropolóxicas, como a de García Allut ou a de Martínez González, ámbalas dúas dirixidas polo profesor da Universidade de La Laguna, Alberto Galván Tudela.


Sen embargo, e malia a multiplicación de publicacións sobre o mundo do mar en Galicia, falta aínda a gran obra que trate tódolos aspectos, facendo fincapé no eido antropolóxico.

Todo este repaso bibliográfico dos últimos douscentos anos vén a conto para facer constar o esquecemento da toponimia do mar, só tratada de xeito específico en dous traballos que non citamos até aquí a pé feito. Son a obra de Manuel Rodríguez Rodríguez sobre a Ría de Arousa e os catro volumes de Gerardo Sacau Rodríguez sobre a Ría de Vigo e a costa entre Silleiro e o Miño

A primeira foi editada en 1976 e constitúe o primeiro traballo coñecido de hidrotoponimia. Adoece de dúas chatas importantes, a ilustración dun só plano, na que non figurán tódolos topónimos e o de ser un traballo case exclusivamente de gabinete, baseado nos mapas e cartas náuticas publicadas, coa sorte de conter daquela, o mapa da Ría de Arousa, a maior información toponímica de Galicia. Falta polo tanto o inxente traballo de campo que suporía a recollida de tan vasto treito de costa.

En canto ós volumes de Gerardo Sacau, o mesmo autor expresa no primeiro volume, pág. 17, que "tentá cubrir o obxectivo de recoller, estudar e comentar o nomenclátor hidrotoponímico sen excepción, desde os nomes das miúdas rochas mariñas que viven media vida asolagadas ó compás do fluxo e refluxo mariño [...] ata os fachendosos e turísticos areais ..." Dicir que as intencións de partida son boas, pero o resultado final non é o marcado na introdución, xa que non recolle tódolos nomes que figuran nas cartas náuticas ó uso e pérdese en digresións banais esquecendo o traballo real.


Vista esta análise das publicacións sobre o mundo do mar en Galicia, o tema da talasonimia é un oasis nun amplo deserto. Está tan pouco considerado que os autores (Calo, 1996, 1997; Galván Tudela, 1989) que critican o baleiro de información sobre este aspecto, nunca consideraron as cartas náuticas e libros de rotas como fonte de información, moi apreciables no noso caso, xa que se converten en docu-



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



mentos básicos e únicos, nalgúnsas épocas, para a reconstrución topográfica, con moi bos traballos, como veremos, xa no século XVIII da man de Vicente Tofiño ou de Antonio Doral para mediados do XIX.


Como veremos no apartado seguinte de metodoloxía tivemos que recorrer á testemuña oral para poder coñecer os nomes do mar.



Obxectivos e metodoloxía

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA






Obxectivos e metodoloxía

Para fixar os obxectivos do traballo partimos do suposto: queremos saber, ben por simple curiosidade, ben por necesidade técnica, laboral ou de calquera índole, os nomes do mar do treito entre A Guarda e Nigrán e non temos ningunha fonte documental á que acudir para fornecernos de datos, agás as citadas na introdución que nos parecen insuficientes pola baixa densidade de topónimos en moitas zonas; ademais sabemos que os topónimos existen, pero só na memoria da xente, das persoas que viven no entorno ou que explotan ou explotaron a riqueza deses lugares. Polo tanto, o obxectivo que persegue este traballo é o de recoller os nomes da costa, desde a parroquia de Salcidos, no concello da Guarda, no último tramo do río Miño, até a parroquia de Panxón no concello de Nigrán.

Os topónimos figuran como compoñentes do horizonte mental, do universo vivencial dos membros que componen as comunidades mariñeiras ou agro-mariñas das parroquias litorais dos concellos da Guarda, Oia, Baiona e Nigrán. Trátase de recoller un Patrimonio Inmaterial, intangible, que corre o grave risco de perderse debido ás mudanzas económicas acontecidas na nosa sociedade ó longo dos últimos 50/60 anos, cuns oficios e uns medios de vida cada vez menos vinculados ó medio mariño; por outra parte, os avances electrónicos como o radar, GPS, sonar, etc., fan innecesarios o uso, creación e memorización de talasónimos.



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

Ademais, a escaseza de documentación que nos transmite toponimia marítima débese a que no medio mariño non existen propiedades, polo que non figurán os nomes en ningún documento notarial ou catastro; si aparecen as propiedades ribeireiras en contacto coa zona baldía inmediata á franxa intermareal.

O ámbito de recollida é a zona costeira e o mar propriamente dito. Isto é, a franxa próxima á zona intermareal, a propia zona intermareal, a lámina de auga e o fondo do mar. Polo tanto á hora de buscar informantes, consideramos os propios habitantes da zona e as persoas, que aínda non vivindo alí, traballaron naquel lugar. Os traballos de explotación do medio mariño son moi diversos, así as argaceiras e argaceiros, que secularmente tiraron o argazo do mar para estercar os campos propios ou venderllas a outras persoas, para darlleles de comer ós porcos ou para vender á industria química. O dos percebeiros e percebeiras, as mariscadoras, os pescadores de cana e de vara, os mariñeiro do río coas distintas artes: lampreeira, alxerife, rede do meixón, etc.; e por suposto, os mariñeiro do mar, que teñen que saber e nomear as pedras da costa e os lugares do fondo; eles darámos unha visión moi particular do medio mariño, o seu medio de vida.

O método de traballo que nos propuxemos consta de dous apartados diferenciados pero conxectos:

1. O que tradicionalmente se chama traballo de gabinete, o proceso de documentación. Esta fase constou dun extenso estudo das fontes que tratásen sobre o mundo do mar en Galicia con dúas finalidades; dun lado a de introducirnos máis a fondo no tema do traballo e doutro, a de constatar a existencia ou non de estudos de toponimia marítima. O método seguido foi do xeral para Galicia ó particular do espazo xeográfico que iamos estudar.

Neste traballo de preparación fornecémonos de material gráfico axeitado, por un lado, de fotografías aéreas, subvencionadas pola Xunta de Galicia, e feitas en dous voos de helicóptero a 200m. da liña de costa, un para a confraría da Guarda e outro para a de Baiona.

O encargado das fotografías foi José Antonio Vázquez Docampo, que as tirou en dúas quendas. A primeira, ó redor do

Obxectivos e metodoloxía


mediodía do 28 de setembro de 2003, nunha marea baixa de 0'32m. desde a Punta das Orelludas até a Barbela, na Confraría da Guarda. A segunda tomounas o 4 de xuño de 2004, entre as 10:00 e as 11:30 cunha baixamar de 0'51 ás 10:25, dende Area das Canas até as Orelludas na Confraría de Baiona.

Por outra banda traballamos tamén con fotografías ortográmficas a escala 1: 5.000, dun voo do verán de 2003 do SIX-PAC, achegadas polo SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia) e incluímos o noso traballo dentro do Proxecto de Toponimia⁵ de Galicia, adecuándonos á súa metodoloxía para que a nosa recollida tivese máis versatilidade e fose máis aprobeitable. Estivemos en continuo contacto cos técnicos do Proxecto e usamos as mesma fichas ca eles.

PARROQUIA		INFORMANTE
Nº de foto	Nº de topónimo	Cuadrícula central
Topónimo		Tipoloxía xeográfica
Fonética		Xenérico
Observacións xerais		

2. Unha vez introducidos no mundo do mar, coñecidas as peculiaridades da área xeográfica de traballo, tivemos que proceder á selección das persoas a enquisar. Procuramos homes e mulleres co maior grao de vinculación co mar. Cando foi posible, na maioria dos casos, percorremos a costa a pé cos informantes, cando non, fixémolo coas fotografías e, sempre que

⁵ O proxecto de Toponimia de Galicia ten por obxecto a conservación e a recuperación dun patrimonio lingüístico que se mantén nos nomes que identifican un territorio. Está promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, desde a Consellería da Presidencia; pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística e polo SITGA, que é a área de cartografía da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, dependente da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA




Entrevistando a Estrela e Víctor.


puidemos, contrastamos os datos entre varias persoas. Hai que considerar nalgúns casos a idade avanzada, problemas de audición ou de vista ou certa dificultade para a comprensión das fotografías.

Logo de facer o traballo de campo hai que completar as fichas, darles números ós topónimos, emprazalos nas fotografías,... e tirar conclusións cunha visión de conxunto.


O marco xeográfico

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA





O marco xeográfico




O relevo

O tramo de costa que nos propuxemos estudar é o último do sur de Galicia e comprende os ámbitos territoriais das confraría de Baiona e A Guarda. A primeira abrangue os portos de Panxón e da propia Baiona, áinda que hai portiños ou varadoiros de pouca importancia. A segunda inclúe o difícil porto de Oia, A Guarda e A Pasaxe.

A escolla deste treito litoral debeuse a razóns de nacemento e residencia, empregar outros motivos sería falso, áinda que quedariamos ben se dixésemos que foi porque este sector costeiro está constituído por ambientes distintos que pasamos a describir.

Calculamos en aproximadamente 60 km a lonxitude litoral, cun primeiro sector que comeza na Area das Canas (Panxón, Nigrán) e remata no Cabo Silleiro (Baredo, Baiona) definindo a parte final da banda Sur da Ría de Vigo e comprendendo na súa totalidade a Ría ou Baía de Baiona, caracterizada por amplos areais, mesmo con formacións de dunas, e dúas praias de cunchas: A Cuncheira e A Praia dos Frades; por unha sucesión de promontorios entre areais: Monteferro, Lourido e Monte Boi; por illas, como As Estelas, e illotes como A Carral ou Laxes, sen esquecer a presenza moi próxima do arquipélago das Cíes, a Illa por antonomasia para os nosos mariñeiros.

Na Baía de Baiona tamén desaúgan ríos de certo porte como o de Canido na praia homónima, que percorre o centro do concello de



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



Costa lineal no Concello de Oia.

- 28 -

O marco xeográfico




Costa articulada na Baía de Baiona.

Nigrán; o Miñor, río central do val que drena todo o concello de Gondomar, o de Nigrán e en menor medida o de Baiona. Este río acada os 16 km de lonxitude ó nacer a 400 m. de altitude en Zamáns (Vigo), ó norte da Serra do Galiñeiro, muralla rochosa que acada e supera os 700 m. de altura a unha distancia do mar de 8 quilómetros, dividindo o Val Miñor da depresión meridiana. O Miñor entra en contacto co mar a través dunha foz, A Fos, mediando unha frecha de area, A Ladeira.

Polo sur, a Serra da Groba achégase máis ó mar, preto dos 700 m. de altura, creando ríos de menor porte có Miñor con dirección S-N , e que van desembocar directamente na Baía de Baiona ou a través da foz do Miñor. Un deles, o río da Groba, nace na divisoria de augas con ríos que verten ó Miño, mentres a Serra da Groba corre paralela á costa rectilínea, partindo desde o sur da Baía de Baiona, desde Cabo Silleiro, onde comeza o concello de Oia.

Este segundo sector comprende tamén a zona marítima do concello do Rosal e o concello da Guarda. Son más de 30 km lineais con pequenas entalladuras, nas que destacan os portos de Oia, A Guarda e outras de menores dimensións como Mougás, Porto Senín, Portecelo, Area Grande, etc. A proximidade entre a costa e a serra deixá pouco

- 29 -



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

espazo para o desenvolvemento da chan litoral, acadando importantes dimensíons en Mougás, Oia e, aínda maiores, na Guarda, entre o monte Torroso e o de Santa Trega. É unha chan litoral, entre un e dous quilómetros de anchura, que condicionou historicamente o asentamento de comunidades humanas, destacando no porto de Oia o establecemento do mosteiro cisterciense. As correntes de auga podemos supoñer que son curtas e rápidas cun trazado orientado leste-oeste que baixan desde as chans altas a 400 m.s.n.m.

Observamos deste xeito, e de maneira esquemática, un contraste entre a costa articulada e variada da Baía de Baiona con illas, penínsulas, areais e unha extensa chan litoral e a costa monótona, rochosa e lineal, até O Puntal, na desembocadura do río Miño, que podemos considerar un terceiro sector da zona a estudar, comprendida até a parroquia de Salcidos (A Guarda).

Independizamos este último sector polo relevo ben diferenciado dos anteriores e por unha dinámica independente, marcada por varios factores, destacando o feito de ser o río de maiores dimensíons do noso país, cun gran esteiro que chega case ós 4 km de largura con 341 m. de altura no Monte Santa Trega, no mesmo concello da Guarda.

O contacto co mar está selado pola illa chamada A Insua, pertencente a Portugal, que crea dous accesos para entrar no río. Un polo norte, A Barra do Norte, e outro polo sur, A Barra do Sur; ningún deles é doado por estarmos en mar aberto e por estar inzadas as dúas barras de baixíos; ademais, as mareas, que pasan máis alá de Tui, fan variar ostensiblemente a configuración do río.

O seu fondo é moi variable pola acumulación de areas que fan aparecer e desaparecer illotes e illas, condicionando así a toponimia, influída ademais polo feito de ser un sector internacional no que traballan varias comunidades mariñeiras con antigos conflitos pesqueiros e administrativos, o que levou á creación de castelos que deixarían pegada nos nomes, como tamén deixou importante vestixio o establecemento industrial en 1882 (Carmona e Nadal, 2005, p.168) do primeiro serradoiro a vapor das ribeiras do Miño e o conxunto de estaleiros emprazados tamén na Pasaxe.

En canto á plataforma submarina (Vilas et alii., 2002, p. 348) ten unha anchura de 30 km, aumentando a 35 km fronte á desembocadu-


O marco xeográfico



Argaceiros e bañistas na Cuncheira. Comezos do século XX.



Traballando polo sur do Navío Galán.



ra do Miño. Contrastá o escaso gradiente do fondo mariño coa media do 30% no litoral entre Silleiro e A Guarda, xa que no primeiro quilómetro de plataforma é de 2'59% fronte A Guarda, e 3'50% fronte Mougás. A partir dos 10 km os valores das gradientes son míñimos, 0'18% fronte A Guarda.

Os fondos son de topografía irregular nos que aflora o zócalo hercínico con sedimentos na zona costeira, ben estudiados na Baía de Baiona, desaparecendo até máis alá dos 5km da liña de costa.

Dentro do apartado da xeografía, dedicámosselle un apartado de certa amplitude ó relevo pola importancia determinante sobre a toponimia. Agora ben, sobre a poboación e a súa dedicación laboral, a visión debe ser sincrónica (situación actual) e diacrónica (evolución histórica) das comunidades que habitaron e explotaron o medio mariño, xa que o seu uso foi o creador da talasonimia.

O repaso ó poboamento histórico da zona non difire do resto de Galicia, quizais aquí recúe algo máis o coñecemento do período paleolítico por coñecérente máis xacementos e porque se lle dedicaron estudos específicos nas terrazas do Miño (Giles, 1999) e na costa entre Baiona e A Guarda (Cano, 1991, 1997), indicadores dun poboamento desde o paleolítico inferior nas terrazas do Miño e no Val Miñor (Garrido, 1978; Méndez Quintas, e/p.).

Existen ademais testemuñas de continuidade no paleolítico superior (Cano, 1991, 1997) e contamos con numerosas evidencias de ocupación desde o neolítico en diante, sen esquecer a consideración das regresións e transgresións do nivel do mar, debido a causas climáticas ou oroxénicas, que fan variar moito a paisaxe actual. Datos estes segundo Hernández Molina (Cano, 1997), que toma seis puntos entre Baiona e A Guarda con cota 0 para o nivel actual, datando hai 10.000 anos a liña de costa con 45m menos de masa acuática, polo que teríamos que andar entre 1.700m. (Mougás) e 3.150m (M. Oia) para chegar á beira do mar, pero hai só 13.000 anos estaríamos a falar de -60m de nivel de auga, afastada a liña de costa até 6.700m. na Guarda. Parece que a liña costeira pouco ten variado nos últimos 6.000 anos, quizais 1'5m. más baixa que o nivel actual.

A vinculación co mundo do mar faise máis evidente durante o período castrexo e galaico-romano polo emprazamento costeiro dal-


gúns asentamentos e pola aparición de varios cuncheiros en Santa Trega, sen obviar a presenza nos xacementos de Fiales (Oia) no paleolítico superior e na idade do bronce en Portecelo se nos fiamos das datas de C₁₄.

Os cuncheiros de Santa Trega (Vázquez, 1998; Fernández e Rodríguez, 1996) delatan, tanto a explotación dos recursos intermareais como lapas, mexillóns, ourizos, percebes, etc, como a actividade pesqueira: espiñas de maragota, muxo, robalo, xurelo, etc. A chegada do mundo romano a Galicia traería un perfeccionamento das artes de pesca (tralamlos), a instalación de industrias transformadoras dos produtos do mar (salga, garum), a construcción de saíñas, etc.

A falta de vinculación co mar, xa que non é moi o que se sabe da simbiose home/mar até comezos do segundo milenio da nosa era, débese quizais á falta de información arqueolóxica e documental. É só nesta época cando se multiplican as referencias ó establecemento de comunidades de mariñeiros ou burgos marítimos (Calo 1996). No treito que estamos a estudar destan Baiona e A Guarda, sen esquecer a importancia do mosteiro de Oia, patente en tombos, libros de confrarías, documentos reais, actas municipais, fondos notariais, preitos eclesiásticos, etc. (García e Portela, 1995 e 2003; Iglesias, 1989; Yáñez, 1974). É significativa a situación galega meridional ó longo das idades media, moderna e tamén contemporánea: portos pesqueiros, zona de fronteira xeradora de conflitos, Baiona importante porto comercial, eixo entre o sur e o norte de Europa, saída ó mar do bispedado de Tui, etc.

Para o século XVIII é unha imprescindible fonte de información o Catastro de Ensenada (Caldas, 2003), combinada cos aportes dos protocolos notariais, reveladores dunha clase mariñeira con serias dificultades económicas: pescadores e transformadores do producto mediante o escochado para a súa conservación e comercialización.

É na década 1750-60 cando comeza a instalación dos primeiros fomentadores cataláns en Galicia, o que abrirá un novo capítulo na historia económica do país (Carmona e Nadal 2005) e unha reforma substancial do mundo da pesca (Casanova, 1998), evidente na introdución de novas artes de pesca, novos métodos de transformación e outras relacións laborais que acenderían conflitos vivos, aínda a






TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


comezos do século XX , como a loita xeito/traíñas. Sería o mar o motor da industrialización de Galicia (Carmona, 1997) : industrias conserveras, industrias filiais (latas, aceite, aros de goma), estaleiros, introdución do vapor na pesca na década de 1880, transportes, entidades financeiras, etc.

A carón do vapor coexisten o remo e a vela, o arrastre e a liña, as grandes empresas e a unidade produtiva familiar, deste xeito mesmo até os nosos días.

**Fontes
bibliográficas e
cartas náuticas**

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA




Fontes bibliográficas e cartas náuticas

O obxectivo primeiro deste traballo xa foi comentado anteriormente. Lembrán que partiamos do suposto de que alguén, por simple curiosidade, por razóns de estudo ou de traballo, quixese coñecer os nomes do mar dos ámbitos territoriais das confrarías de Baiona e A Guarda.

Comezabamos daquela dándolle un repaso á bibliografía sobre o mundo mariñeiro galego cuns fitos en cada século: Sáñez Reguart para o XVIII, Paz Graells, para o XIX e Rodríguez Santamaría para o XX, tendo que agardar a 1976 para que vise a luz de xeito póstumo a *Hidrotoponimia de la ría de Arosa* de Manuel Rodríguez Rodríguez, como primeiro intento serio, bibliográfico, non de traballo de campo, de sistematizar uns 2.700 topónimos, dos cales só sitúa algúns nun mapa despregable da ría indicando emprazamento, coordenadas e algunha característica máis en cada nome.

Este libro foi editado co número VII dunha serie do Seminario Fontán-Sarmiento de haxiografía, toponimia e onomástica, tratando o número II da parroquia de Camposancos (A Guarda), obra de Antonio García Lago, titulada *Prospección toponímica modelo y su reducción a papeletas para consulta y estudio en este seminario* (Santiago, 1976), incluída no libro do mesmo autor *Crónica biográfica de Camposancos y su entorno* (1998). Nesta obra dedica un apartado ó oeste da parroquia; outro ás riveiras do Miño e do mar; e outro ás pesqueiras, aportando 52 topónimos costeiros sen emprazalos en ningún mapa.



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



Mapa de Ojea.

Praxíteles González publicou no ano 2000, *A terra das nosas raíces. Topónimos e mites de O Rosal e A Guarda*, que presenta relación alfabética de topónimos e sitúaos en mapas deseñados polo autor. Aporta para as parroquias de Camposancos e A Guarda máis de 90 topónimos.

No libro de poesía e fotografía de mariñeiro da Guarda titulado *Gameleiros* (Álvarez e Villar, 2002), os autores ofrecen unha listaxe interesantísima dun par de centos de topónimos nas lapelas do libro que aluden a lugares ente Oia e Montedor (Portugal), pero sen situar en ningunha carta nin mapa.

A confraría da Guarda editou (s/a, 2003) un catálogo sobre o seu litoral cuns 170 topónimos sobreimpresionados en fotografías aéreas, recollidos na súa maior parte da información de percebeiras da confraría; son moitos topónimos, pero con algunas translaciones espaciais, grafías incorrectas ou con nomes recentes do colectivo percebeiro, impostos por ignorar os nomes patrimoniais. Advertimos tamén baixa densidade de recollida respecto ó esperable.

Para toda Galicia existe (s/a 1998) unha aeroguía que empraza tan só catorce topónimos na baía de Baiona, tres deles fóra de sitio e doce na

Fontes bibliográficas e cartas náuticas

Guarda, catro deles desprazados, algún deles como "Playa Area Grande", más dun quilómetro.


Citamos na introdución as boas intencions de Sacau (1998) que tiña como obxectivo recoller "a meirande parte da microtoponimia do litoral que vai desde Cabo Silleiro ...". No espazo da baía de Baiona recolle e analiza uns 40 nomes, tamén sen apoio gráfico axeitado e a moita distancia da realidade topográfica dunha zona achegada ós portos de Baiona e Panxón, forte e secularmente explotada por mar e por terra.

Optamos tamén por consultar libros de rotas e cartas náuticas modernas e antigas. Entre as modernas corresponden á nosa zona as cartas náuticas do Instituto Hidrográfico da Mariña cos números 416B *Ría de Vigo*, 417 *De Islas Cíes al Río Miño*, 4167 *Puertos de Panxón y Baiona* e a carta 51 do Instituto Hidrográfico de Lisboa *Barra e Porto de Caminha*; así como o libro de *Faros y señales de niebla, Parte I*, e o *Derrotero de la Costa NW de España que comprende desde La Estaca de Bares al Río Miño*.

Baleiramos igualmente a colección documental de cartas náuticas, mapas, planos, atlas e libros de rotas da Biblioteca Penzol (BP), da Biblioteca do Museo de Pontevedra (MP) e da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, co apoio dos libros de Gonzalo Méndez sobre os mapas no Arquivo do Reino de Galicia (Méndez, 1994) e da colección Puertas-Mosquera (Méndez, 2000). Tamén coa recente e completísima obra sobre a Dirección de Trabajos Hidrográficos, 1797-1908 (González e Martín-Merás, 2003; Cano, 2003).

Imos entón tomar como mostra de análise o tramo de costa que vai desde A Meda, no noroeste de Monteferro, ó Cabo Silleiro e para iso escollemos seis cartas náuticas e dous libros de rotas.

Comezamos pola *Tabula Secunda Europa* de 1520, con nulo aporte para a zona que nos ocupa; en *Claudii Ptolemaei...* (1525) xa aparece "Baiona" (sic), aínda que formando parte de Portugal. E uns anos máis tarde, na *Hispania Nova Tabula* de 1547, aparecen "Bayona" e "M. de Boy" (Monte Boi) e no 1588, no mapa de Portugal feito por Fernando Alvaro Secco para o *Theatro de la Tierra Universal* de Abraham Ortelio, temos "Os Lobos" ou "Cabo Syluro" (Silleiro), "C.Baiona" ou "Ins. Deorum Ptol.". Fernando Ojea no 1603 publica "Bayona", "R.Ramallosa", "Moserte" e "C. Siluro". Até a 2ª metade do séc. XVIII aparece o cabo Silleiro grafado como "Phazel", "Phasellis", "Phaselis", "Pasellis", e por suposto, "Siluro", "Syluro", "Sillero", "Silleira".



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



Carta náutica de Vicente Tofiño.

A mellora cartográfica substancial vén da man de Vicente Tofiño de San Miguel, que fixo o levantamento da costa galega entre 1786 e 1787, dentro da edición do atlas e libro de rota das costas de España. Ofrécenos uns mapas cun debuxo limpo, moita información batimétrica e a primeira vez que aparece información sobre o fondo. Tofiño empraiza 17 topónimos que melloran substancialmente o número ofrecido por mapas anteriores, áñda que achamos castelanizacións "Ladera", "Hornos", "Bayona" e grafías erradas como "Sentaulo", "Gaiteras", etc.

Entre 1791 e 1794 confecciona Eustaquio Giannini outra carta náutica entre As Sisargas e o Miño con 33 topónimos, sempre referíndonos da Meda a Silleiro. As castelanizacións: "Sentolito" (Centuliño), "Puerta Real", "Halladizo" (A Chadisa), "Bayona", "Panjón" e as grafías incorrectas: "Coraceiro" (Guraseiro), "Bayna", "Caralón", son moi frecuentes e aporta tamén datos distintos ou novos como "Garita Monte Ferro", "Punta da Porta" (As Gateiras), "Bajo de Pego" "Cabezo de San Xoán" ou "O Pedestal" e "Punta de Piedra echadiza" a un punto do Monte Lourido.

Consonte avanzamos no tempo aumenta o número de topónimos. Deste xeito, Antonio Doral, en 1850, publica a carta da Ría de Vigo con 34 topónimos, contendo castelanizacións: "Lameda", "Centollito", "Abadejero", "Punta del Buey" e "El Halladizo"; nomes mal grafados:


Fontes bibliográficas e cartas náuticas



Carta náutica de Antonio Doral.

"Guiteras", "Mexeluido", "Madorras", "Valiza Baiña", "Piedra Carroll" (Carral), "Piedra Corbira" (Pedra dos Corvos de Silleiro) e "Punta de Bacas"; e dous nomes hoxe en desuso "Groseira", "El Pombal".

Seis anos máis tarde, Francisco Coello, ocúpase da confección dun atlas de España e posesións de ultramar para arrequetar o diccionario de Pascual Madoz. No referente á provincia de Pontevedra dedícallle un bo mapa á baía de Baiona, con 42 topónimos e as pertinentes castelanizacións: "Bayona", "Panjón", "El Cangrejo", "El Can", "La Barbera", "La Conchera", "P. de los Hornos"; nomes hoxe non coñecidos "Peñasco de Abro", en Laxes, "Olinos", na Tenaza, "El Espigón", ó norte da Cuncheira e a "Restinga de Lana", na Negra. Outros nomes, sen embargo, non son chamamos así: "Punta de Ferro", na Meda, "Monte de Foz" (Monte Lourido), "Los Lobos de Guión", en Silleiro, ou mesmo nomear Cabo Silleiro como o "de Cela". Tamén atopamos malas grafías: "Sentoulo", "Centoulo", "Río Miñor", "Peñasco de Bainha", "Curazeira", e dislocacións nos lugares: o "Centoulo" nas Gateiras ou a "Punta de los Hornos", na Area das Vacas. A carta que elabora José Cardenet a bordo do vapor Urania e publicada en 1912, ofrece 47 topónimos, coa curiosidade de chamarlle xa "Pico Sansón ou "Virgen de la Roca", cando este monumento iniciárse no 1910 e non se inauguraría até 1930. Incorre en varias



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



Carta náutica de Francisco Coello.


castelanizacions: "Lameda", "Panjón", "P. del Buey", "Bayona", "C. del Buey", "Halladizo" e "Carallones".

Dando un salto cronolóxico até 1986, a carta 4167 do "Instituto Hidrográfico de la Marina", en edición do 2002, empraza 60 topónimos con erros: "Río de Bainha", "Riveira", "Piedra Bombardeiro"; novedades: "Río Muíños", "Playa de América"ou "Piedra Rapa"; e tamén castelanismos: "Bajos Carallones", "El Can", "Piedra del Caballo", "Punta del Buey", "Bajo Cabeza del Buey" e "Bajo El Halladizo".

Referente ós libros de rotas son moi explícitos, tanto o de 1908 como o de 1915. O primeiro cita 62 topónimos, sendo repetitivo nos castelanismos: "El Halladizo", "Lameda", "Panjón", "La Laje", "Rabo del Asno", "Los Caballos", "Piedra Centollito"e "Punta del Buey"; nos erros: "Los Callones", "Abajadero", "Los Caballos", "Punta Real", "Corbiro" (a Pedra dos Corvos de Silleiro), "El Porte" (O Poste dos Carallóns); con topónimos non coñecidos hoxe: "Pombal", "La Pinta"; e curiosidades como "Centolo de Punta Lameda", "La Isleta" (península de Santa Marta) e "Playa de las Monjas" (Praia Ribeira).

O de 1915 dá un salto considerable, ofrecendo 94 nomes da nosa costa sen dislocacions, pero si con castelanismos: "Punta Lameda", "Carallones", "El Can", "El Halladizo", "Cabezo del Buey", "Punta del

Fontes bibliográficas e cartas náuticas




Carta náutica de José Cardenet.

Buey", "Petones de Fornos"; mal grafados e con erros: "Polveira", "Punta Rodada", "Bombardeiro"; e con varias curiosidades: outra volta "Centolo de Punta Lameda", a primeira vez que aparecen "Freu de la Estela" (Entre as Estelas) e "Cabezo de San Juan" (o Baixo do Pego), "O Pedestal" ou "O Seco de Monteagudo", entre o anterior e a Punta do Castro, nomea "Playa de El Pozo" en Baiona e chámalle "Playa de la Ramallosa" á Ladeira.

O fío condutor do presente traballo é o coñecemento dos nomes do mar, agora centrados na baía de Baiona entre A Meda e Silleiro; as cartas náuticas consultadas, amén de mapas, atlas e libros de rotas achegan 130 topónimos para este espazo xeográfico.

Ó longo desta análise observamos unha mellora na calidade da cartografía, co salto cualitativo xa indicado co traballo do brigadier Vicente Tofiño. Constatamos a presenza xa citada de castelanismos que redundan nos mesmos topónimos : "Lameda", "Buey", "Halladizo", etc.; algúns erros nas grafías, o que non resulta estranxo, logo de cartografiar miles de quilómetros de costa; dislocacions non abundantes: "Centoulo", "Hornos"; e a constatación de topónimos que hoxe non son usados polos mariñeiros nin aparecen nas cartas, ben por desuso ou porque foron xa un erro no momento da edición como "Restinga de Lana", "Peñasco de



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


Abra”, “El Pombal”, “El Islote” ou “Los Lobos de Guión”. É interesante a achega de datos arqueolóxicos e/ou históricos como a existencia de facho e garita en Silleiro e Monteferro.

A continuación presentamos, procurando a transcripción literal, as listaxes dos topónimos aportados por seis cartas náuticas e dous libros de rotas, a de 1908 e a de 1915.

TOFIÑO 1787	GIANNINI 1794	DORAL 1850
Monteferro	Punta de Monte de Ferro	Pta Lameda
C° Sentaulo	Punta de Porta	Iº Centulo
Islas Estelas	Islas Estelas	P. Guiteras ó Mexeluido
Estela de Tierra	Bajo Caralón	Canal de la Porta
Estela de la Mar	Garita de Monte de Ferro	Estela de Tierra
Pta Gaiteras	Punta Porticelo	Estela de Mar
Pta del Castro	Punta Madorra	Restinga de Laxe
Río de Canido	Punta y lugar de Panjón	Bajo de San Francisco
Pta de la Foz	Bajo de Pego	Balo Grande
Arenal de la Ladera	Arenal de Panjón	Pta Groseira
Pta y Capilla del Burgo	Puenta Piedra Echadiza	Pta Feital
Bayona	Alto de Lourido	Pta Madoras
Pta de Sansón del Norte	Río y puente de la Ramallosa	Cº El Pombal
Pta de Sansón del Sur	Arenal de Ladeira	Bajo Abadejero
Pta de los Hornos	Arenal y lugar del Burgo	Bajo del Pego
Cº Silleiro	Villa de Bayona	Playa de Panjón
	Piedra Bayna	Alto de Lourido
	Cubierto Coraceiro	Valiza Baiña
	Piedra Sentolito	Centollito
	Monte Real	Pta de la Tenaza
	Bajo Puerta Real	La Fragallosa
	Tenaza	Pta del Buey

Introducción

TOFIÑO 1787	GIANNINI 1794	DORAL 1850
	Figueiras	El Halladizo
	Cubierto Fragallosa	Monterreal
	Cubierto Halladizo	La Conchera
	Monte Sansón	Pºa Sansón del Norte
	Punta Baredo	Pºa Sansón del Sur
	Ensenada de Cela	Pºa Area de Bacas
	Punta de Fornos	Area de Arquiña
	Cabo Silleiro	Piedra Carroll
		Piedra Corbira
		Lobo de Silleiro
		Cº Silleiro
COELLO 1856	CARDENET 1912	CARTA 4167. 1986
Cabo Sentoulo		Punta de S.Benito
ó Pta de Ferro	Pta Lameda	o El Puntal
Monte del Ferro y	Mº Ferro	Monte Ferro
Facho del Centoulo	Canal de la Porta	Monumento a los Mártires del Mar
C. del Centoulo ó de las Gateiras	Las Estelas	
	Carracudo	Punta Gateiras
Estela de Tierra	Carallones	Canal de la Porta
Estela de Mar	Serralleiras	Laxe o Meixueiro
Restinga de Lana	La Negra	Islotes Las Estelas
Los Carallóns	Pta Gateiras	Estela de Tierra
Peñasco de Abro	Porto Celo	Piedras Ferralemes
Pta del Castro	Arribas Blancas	Freu de las Estelas
Panjón	Area Fofa	Estela de Mar
Playa de Canido	Pta Madora	Entrada de Carracudo
Monte de Foz	Playa del Castro	Islotes Serralleiras
Río Miñor o de Ramallosa	Panjón	Piedra La Negra
Peña de la Garza	Playa de Panjón	Bajos Carallones




TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

COELLO 1856	CARDENET 1912	CARTA 4167. 1986
Playa de la Ramallosa	Río de Canido	Bajo de San Francisco
Peñasco de Bainha	Playa de Canido	Punta Balo Grande
N.S. del Burgo	M ^a e Lourido	Playa de Porto Celo
El Burgo	Insuela	Punta Groseira
Bayona	Playa de la Ramallosa	Ensenada de Arribas Blancas
El Cangrejo	ó de la Ladeira	Punta Feitales
Curazera	Punta S ^a Marta	Punta Madora
La Barbera	Playa del Burgo	Punta del Castro
Olinos (escollos)	Río del Burgo	Bajo El Can
La Tenaza	Pta Garza	Bajo de Pego o Cabezo de San Juan
Bajo de la Fragallosa	El Caballo	
Cabo de Boy	Baiño	Ensenada de Baiona
Torre del Príncipe	P ^a Santiñas	Panxón
Castillo de Monte-Real	Punta Tenaza	Playa de Panxón
El Espigón	Punta del Buey	Río Muíños
La Conchera	C ^o lo Monte Real	Playa de América
P ^a Sansón del N.	Cabezo del Buey	Punta de la Redada
P ^a Sansón del S.	Halladizo	Monte Lourido
P ^a de los Hornos	Pico Sansón o Virgen	Islote Piedra de la Garza
Río de Baredo	de la Roca	Piedra del Caballo
P ^a Area de Arquiña	P ^a Sansón	Playa de Ladeira
Los Lobos de Guion	Ens ^a Bombardeira	Punta Santa Marta
Cabo Silleiro ó de Cela	Area das Vacas	Playa de Santa Marta
Facho o Garita del Sillero	Ens ^a Tío Andrés	Río de Bainha
	P ^a de Fornos	O Burgo
	C ^o Silleiro	Bajo Buraceiro
	Lobato	Playa de la Riveira
	Polveiras	Playa Barbeira

Fontes bibliográficas e cartas náuticas

COELLO 1856	CARDENET 1912	CARTA 4167. 1986
	El Lobo	Punta Tenaza
		Bajo Picacho
		Punta del Buey
		Bajo Cabeza del Buey
		Bajo El Halladizo
		Monte Real
		Puntal del Gobernador
		Playa de La Concheira
		Punta Sansón
		Piedra Rapa
		Piedra Bombardeiro
		Punta Salgueira
		Ensenada Bombardeira
		Punta Area das Vacas
		Caleta Area das Vacas
		Ensenada del Tío Andrés
DERROTEIRO 1908		
DERROTEIRO 1915		
	Punta Lameda	Centolo de Punta Lameda
	Centolo de Punta Lameda	Peñón de Punta Lameda
	Canal de la Porta	Bajo de San Francisco
	Bajo de la Porta	La Negra
	Bajo Meixueiro	Rabo del Asno
	Monte-Ferro	Altar del Carallón
	Bacoura	Pedra que Bole
	Restinga de las Estelas	Carallones
	La Estela de Tierra	Serralleiras
	La Estela de Mar	Entrada de Carracido



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


DERROTEIRO 1908

Islas Estelas	Freu de la Estela
Canal de las Estelas	Ferralemes
Bajo de San Francisco	Punta Longueirón
Los Callones	Meixueiro
La Laje	Restinga de las Estelas
El Porte	Canal de la Porta
La Pinta	Estela de Tierra
El Rabo del Asno	Estela de Mar
Playa de Porticelo	Islas Estelas
Arredada de Porticelo	Monte Ferro
Punta de Castro	Punta de S. Benito o El Puntal
Balo Grande	Punta Gateiras
Arredada de Castro	Punta de Balo Grande
Playa de Panjón	Playa de Porto Celo
Panjón	Punta Groseira
Playa de Castro ó de Panjón	Arribas Blancas
Abajadero	Punta Feitales
Pombal	Area Fofa
Bajo de Pego (Cabeza de Pego)	Punta Madora
Canido	Playa de Castro
Puntal da Foz ó Alto de Lourido	Punta del Castro
Los Caballos	Pueblo de Panjón
Río Miñor o Ramallosa	Seco de Monteagudo
La Isleta	El Can
Capilla del Burgo ó de Santa Marta	Bajo de Pego ó Cabezo de San Juan
Piedra Baiña	Playa de San Juan de Panjón
Piedra Centollito	Río de Canido
Rodal Guraseiro	Playa de Canido
Bayona	Punta Redada / Punta Rodada
Playa de las Monjas	Piedra del Caballo
Baluarte del Cangrejo	Piedras de la Garza

DERROTEIRO 1915**DERROTEIRO 1908**

Punta de la Tenaza	Monte de Lourido
Baluarte de San Antoni	Insuelas
Punta Real	Río Miñor
Monte Real	Playa de la Ramallosa ó de Ladeira
Torre del Príncipe	Playa de Santa Marta
Punta del Buey	Punta de Santa Marta
La Fragallosa	Playa del Burgo
La Concheira	Baño
El Halladizo	Playa de El Pozo
Sansón del N.	Buraceiro
Cabo Silleiro	Riveira
Los Lobos de Silleiro	Bayona
Lobo de Silleiro	Punta Santiñas
Corbiro	Playa Barbeira
Carral	Punta del Cangrejo
	Torre del Calabozo
	Punta de la Tenaza
	Secos de Puerta Real
	Picacho
	Cetárea
	Punta de San Antonio
	La Fragallosa
	El Halladizo
	Cabezo del Buey
	Punta del Buey
	Punta Gobernador
	Torre del Príncipe
	Monte Real
	El Balneario
	La Concheira
	Punta Sansón

Fontes bibliográficas e cartas náuticas



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


DERROTEIRO 1908


Piedra Rapa
Punta Salgueira
Bombardeiro
Ensenada Bombardeira
Punta Area das Vacas
Area das Vacas
Ensenada del Tío Andrés
Punta Pedra Alta
Petones de Fornos
Ensenada de Fornos
Punta Peso
Cabo Silleiro
El Lobo
Polveiras
Carral
Corbeiro
Lobato
Laxe del Lobo

DERROTEIRO 1915

**A recollida oral.
Os resultados**

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA






A recollida oral. Os resultados

Tivemos que enfrentarnos ó traballo de campo logo dunha intensa preparación, xa que coñeciamos a zona polos textos e as cartas náuticas e equipámonos coas citadas fotografías aéreas, unhas de helicóptero a unha equidistancia de 200m. da costa e outras servidas polo SITGA, ortogramétricas.

Os enquisadores foron Roberto Rodríguez Álvarez, licenciado en Historia, natural da parroquia de Pedornes (Oia), membro do IEM (Instituto de Estudos Miñoranos) e que traballou no Proxecto de Toponimia de Galicia recollendo e sistematizando uns 9.900 topónimos do concello de Oia. A Roberto correspondeulle toda a costa do concello de Oia, a que vai desde A Negra ó sur do Cabo Silleiro ata a extrema con Portecelo, xa no concello do Rosal. Oia comparte administración marítima das confrarías da Guarda e Baiona que conflúen nas Orelludas.

O outro enquisador e autor deste traballo, Xosé Lois Vilar Pedreira, é licenciado en Historia e membro do IEM. Neto do mariñeiro Manolo o Gardés, nacido en 1913, de quen recollera en 1987 unha relación toponímica de cen nomes entre Silleiro e Laxes, topónimos que marcan o contorno da baía de Baiona. As zonas asignadas a Xosé Lois foron dúas: a primeira vai da Punta do Caranquexo (Panxón) até o sur da Punta da Sentinel (Mougás), zona de intersección coa área traballada por Roberto. A segunda vai de Portecelo (O Rosal) ate Salcidos (A Guarda), combinando zona marítima e fluvial.



Durante varios meses realizamos o traballo de campo coa vantaxe de sermos naturais da zona a estudar, galego-falantes, e sen estar considerados como representantes da cultura dominante (Bermejo e Llinares, 2006, p. 134). A maioría das persoas enquisadas superaba os 60 anos de idade, dedicadas na actualidade ou anteriormente á explotación do medio mariño, sen que isto os predispoña a teren que vivir á súa beira, xa que, obviamente, hai zonas despoboadas na costa e polo tanto houbo que procurar as persoas en aldeas a certa distancia.

Consideramos significativo o distinto xeito de ollar a costa dun mariñeiro de gamela ou lancha e o dun percebeiro/a, argaceira/o ou pescador de cana ou vara. Estes últimos efectúan o seu traballo desde a costa, sobre as pedras, co risco evidente da apañadura dos percebes. Este colectivo de traballadores ten unha necesidade nominativa precisa para situar os lugares de producción do crustáceo (*pollicipes cornucopia*); como exemplo, un mariñeiro de embarcación aportounos uns trinta nomes para Cabo Silleiro, mentres que un percebeiro dobraba esta cantidade.

En canto ás argaceiras, este é un oficio que require áinda un estudo histórico e antropolóxico a fondo (Vázquez, 1990; p.306-318); a súa é unha actividade complementaria da agricultura no estercado dos campos, tamén como alimento dos porcos ou para vender á industria química. A xente, tanto apañaba o argazo que o mar levaba ás praias como segaba o argazo cunha fouce cun mango que se achegaba ós tres metros. A pesar do longa e pouco habitada que é a costa de Silleiro ó Miño, en certos lugares de Oia e O Rosal foi tanta a presión sobre o medio, que chegou a existir a figura do *ribeireiro*, home que regulaba a apañadura do argazo. Deste xeito, avisaba da súa existencia e marcaba unha raia cal había que depositar o argazo recollido.


En Portecelo podíase apañar cando saía o sol pola Agoeira. De seguido, os argaceiros botábanse a correr para coller un feixe de argazo e volver axiña ás pedras para estendelo e marcar o mellor tendal onde secalo. Este núcleo de poboación que hoxe é Portecelo naceu a partir das casetas que alí tiñan os veciños de Marzá e Novás para durmir e gardar o argazo que apañaban desde as pedras cunha especie de ganapán, aquí chamado rede e noutras lugares caramueiro ou clamoeiro. Esta intensa actividade económica produciu unha densidade toponímica superior a outras zonas, nomes para as casetas: A Caseta do Fondo ou A Corte

Vella, A Caseta Alta, As Casetas; para os tendais: Os Tendales, A de Aurora, A da Felicia; e para as pedras desde as que apañaban o argazo: O Aguión, O Cabaliño, A Rosaria.

No tocante ós mariñeiro, que acceden ós produtos do mar en e desde embarcacións, nomean o espazo de traballo dun xeito distinto ós que acceden por terra. O mariñeiro traballa nun medio inestable que para unha persoa allea ó seu mundo é unha simple prancha de auga homoxénea.

Á hora de enquisar a un mariñeiro sobre a talasonimia do seu mar debemos considerar que estamos perante un individuo herdeiro dunha tradición centenaria, que ten que combinar varios saberes para acceder con éxito ós recursos. Realmente sae do porto para efectuar unha actividade cinexética, ten que cazar, pescar, matar, e para iso élle imprescindible coñecer a etoloxía dos animais sobre os que quere actuar, os seus hábitos, hábitats, o momento de mellor comida, o tirón dos mercados, Cantos máis datos teña sobre o peixe, mellor poderá (podería) confeccionar as trampas como redes, nasas ou palangres, para traer así os animais á terra e usalos para consumo propio e para a venda ou troco. Esta actividade piscatoria realiza a bordo dunha embarcación axeitada ó oficio, á cantidade que se quere pescar, é, a cotío, propiedade dunha unidade familiar.

Antes de saír para o mar hai que decidir o peixe, o oficio e o lugar, contando sempre coas condicións meteorolóxicas presentes e futuras, tanto o tempo atmosférico como as condicións do propio mar, no fondo e na superficie. Decidir o lugar require un profundo coñecemento da xeografía mariña que acada varias ducias de quilómetros cadrados, supón coñecer o perfil costeiro para sortealo na derrota laboral e para tirar o producto del, pero require sobre todo coñecer algo oculto: o fondo do mar. Antes dicíamos que ó profano parécelle unha prancha de auga homoxénea, a ollada do mariñeiro é completamente distinta, está fóra de todo lugar o concepto de paisaxe (García Allut, 1995; p. 365); na mente do mariñeiro isto supón implicacións económicas, perigosidade, produtivididade. A acumulación do saber herdado e da experiencia propia conforman unha radiografía do fondo, imprescindible, tanto desde o punto de vista orográfico, como batimétrico ou de natureza do fondo. É unha lámina de auga antropizada, culturizada; deste xeito, un topónimo



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

supón un lugar xeográfico, un fondo de area, cuncha, pedra, fango..., unha profundidade medida en brazas, as especies que se crían.

O talasónimo que nós recollemos é algo máis que unha designación, encerra toda esta riqueza informativa acumulativa. Cómprase sinalar ademais que, a recollida oral non consiste en apuntar unha listaxe de nomes, comporta horas de diálogo orlado de experiencias múltiples para ir tirando os topónimos, motivo do noso traballo.

Para comprobar a eficacia da recollida oral abonda amosar un treito de costa, o Cabo Silleiro entre a Enseada de Fornos e As Negras, onde recollemos máis de setenta topónimos na enquisa mentres que, o baleirado de múltiples fontes bibliográficas e documentais aportáronos só doce nomes: Las Negras, Cabo Silleiro, Faro, Fornos, Punta Peso, Polveiras, Carral, Canal, Corbeiro, Lobato, Laxe del Lobo e Petones de Fornos.

O traballo de campo revelounos unha realidade toponímica completamente distinta en cantidade á recollida en libros, cartas náuticas e mapas. Recollemos uns 1.400 topónimos, faltando aínda por recoller o treito ó sur de Portecelo, uns catro quilómetros de costa deshabitada, pero xa localizados os informantes no barrio da Cachada en Marzáñ (O Rosal).

Fica un traballo importantísimo por rematar que é a recollida e situación dos nomes do fondo do mar das áreas de trabalho dos portos da Guarda, Baiona e Panxón. Temos xa as relacións nominais e faltan as saídas en barco para emprazalos de xeito preciso coa axuda dun GPS.


Para evidenciar a eficacia das enquisas imos facer dúas sondaxes demostrativas; unha para a Baía de Baiona en sentido amplio, da Area das Canas a Cabo Silleiro e a outra no tramo marítimo fluvial da parroquia de Camposancos (A Guarda).

Se lembramos os cadros amosados no apartado referido a fontes bibliográficas e cartas náuticas, para a Baía de Baiona observabamos uns 130 topónimos aportados por todas elas, mentres que agora a recollida oral aporta máis de 300, nunha zona que aparece ben descrita nos libros de rotas e na que se "fixan" as cartas por ser unha zona articulada orograficamente e de entrada ós portos de Baiona, Panxón e Vigo. Nas zonas sen estes puntos de interese económico, o índice diferencial é moito maior.

A recollida oral. Os resultados

LISTAXE DOS TALASÓNIMOS AREA DAS CANAS / SILLEIRO:

A Meda	A Allada da Estela
O Centulo	Ferralemes
A Parede	Rapatimóns
O Baixo Alto	O Través
A Laxe	Os Platillos das Estelas
O Baixo de Sudoeste	O Rego da Bacoura
Rapachaquetas	O Larido
O Patín da Meda	O Paso do Larido
O Baixo de Barreiro	Entre as Estelas
A Aguda	A Estela de Fóra
A Herbeira / O Sutil	O Corveiro da E. de F.
O Poste	A Mesía do Corveiro
As Pinisas Grandes	A Bombardeira
As Pinisas Pequenas	O Longueirón
Monteferro	O Rego da Londra
O Monumento	O Pintoeiro / A dos Pintos
O Charco	O Cabo das Pombas
A Punta da Mexiloeira / As Gateiras	A de Landín
O Baixo da Porta / O Meixueiro	Rapatimóns
A Porta	Carracuído
As Estelas	Santana
A Estela de Terra	Pan de Centeo
A Bacoura	A Pedra Redonda
A Carreira da Bacoura	A Pedra de Laxes
A Carreira de Panxón	A Gaiana
O Corveiro	As Serraldeiras
O Corveiro da E.de T.	As Serraldeiras de Terra
O Navío Galán	As Serraldeiras de Fóra
A Mesía / Altar da E. de T.	Os Biscainos
O Bochinche	A Pedra que Bole
O Serrón da E. de T. / Os Xuncos	A Meda de Laxes
A de Cortes	O Serrón da Negra
A de Barra	A Negra de Terra
Rapapandullos	Os Fillos da Negra /As Negriñas
	A Negra



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


LISTAXE DOS TALASÓNIMOS AREA DAS CANAS / SILLEIRO:

O Serrón de Nordeste	Area Fofa / A Praia do Farruco
O Baixiño	A Madora / A Praia do Castro
O Cabezo Vivo	O Castro
O Pequeno Paso	A Punta do Castro
Pan de Centeo Pequeno	A Furna
O Carreiro	O Rego da Furna
O Serrón do Naranxo	O Porto de Panxón
O Naranxo	O Sinal
Os Carallóns	A Praia de Panxón
O Poste	A Istrumentada
A Laxe do Norte	O Centoleiro
A Laxe de Leste	Rapatimóns
A Laxe de Sudoeste	O Pego
O Petón de Sueste	O Aposento
O de Blanco	O Cabezo de San Xoán ou O Pedestal
O Pereiro	O Can
Rabudasnos	O Badexeiro
Mar de Frades	O Cabezo da Oliveira
Rabudos	Gaifar
O Baixo de S. Francisco	O Río de Canido
A Tinalla	A Praia de Canido
O Rego da Porta	Praia América
O Rego do Coello	A Praia de Lourido
As Lavasas	A Redada
A Furna	Lourido
As Estelas de Portocelo	O Funcón
Portocelo /A Plaia das Caniñas	A Arca do Demo
O Corveiro	A Anchousa
Os Cuitelos	A Garza
Seixos Negros	O Cabalo / O Varón
O Rego da Londra	A Praia do Castaño
Ribeira de Porcas	Os Baixos do Areón
A Praia do Andarín	A Punta da Ladeira
Arribas Brancas	A Ladeira
A Furna	A Boca do Río
Feitales	

A recollida oral. Os resultados

LISTAXE DOS TALASÓNIMOS AREA DAS CANAS / SILLEIRO:

A Foz	A Fragallosa
O Miñor	O Boi
A Rampla de Ruíz	A Cetárea
O Almacén	A Cetárea de Serapio
A Ínsua	A Pedra do Gobernador
Os Xuncos	O Cabezo do Boi
O Peirado	A Chadisa
As Areas	A Mesía
O Río da Groba	A Praia dos Frades
O Río da Quirincova	O Puntal do Foxo
Os Tendais	A Cuncheira
Area	Os Baixos da Cuncheira
As Pedras do Medio	O Balneario
Praia de Santa Marta	A Palma
Santa Marta	A Ensenada de Mirambell
O Picoto	O Puntal de Amor
Cagar de Vacas	Sansón
A Pedra Baíña / O Varón	Os Tres Pasos
O Río de Baíña ou da Maré	O Baixo de Judas / O Seco de Judas
A Praia de San Esteban	Rapacarallos
Debaixo do Pozo	A Mediña
A Ribeiriña	A Lagadiza
As Amós	A Enseada dos Nove / da Bombardeira
A Ribeira	Salgueiras
A Movella	Os Petóns da Bombardeira
O Centuliño	A Bombardeira
O Guraseiro	As Cachadiñas
A Ribeira	Enseada do Ramal ou da Gancha
O Cantiño	A Punta de Balea
A Barbeira	Area das Vacas / Caga de Vacas
A Tenaza / O Calabozo	A Pedra dos Demos
A Doca	A Xangada
A Porta Real / Os Secos da Porta Real	A Redonda
O Picacho	O Coruveiro
As Figueiras	



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


A recollida oral. Os resultados

LISTAXE DOS TALASÓNIMOS AREA DAS CANAS / SILLEIRO:

Porrido	A Agueira
O Monete	As Bravas do Norte
A Padarnela	A Laxe do Leste
O Puntal das Figosas	O Carreiro do Lobo
A Condada	O Lobo
A Enseada dos Loureiros ou de Cova de Baredo	O ABC / A Laxiña
A Enseada de Pedra Alta	O Lobioño
Campo de Lume	A Pedra Alta
O Cabezo de Campo de Lume	O Pozo da Agueira
A Serreira	A Negriña
A Pedra Alta / A Arquiña	A Polbeira
O Baleal	A Campana
O Outeiro do Baleal	Os Cabezos da Polbeira
O Niño do Corvo	A Hucha
Os Mouróns / Os Petóns de Fornos	A do Reló
Enseada de Fornos	A do Gouldrón
O Peso	O Cunichán
As Fontiñas	A Atravesada
O Lobato	A Cagada / A Pedra Redonda / A Pedra dos Corvos
Cabo Silleiro	A Parexa do Norte
A Batería de Silleiro	A Parexa
O Faro Vello	A Parexa do Sur
O Carreiro / O Paso da Carral	A do Rego
A Devanadoura	O Baixo de Ignacio
O Outeiro da Carral	A dos Choscos
A Gaiada	As Veigas
Os Picachos	Rañacús
As Centolas	As Pulgas
A de Barros	A Enseada das Pulgas
O Carreiro do Medio ou da Agueira	O Josesiño
	O Cunchido



Traemos aquí dúas fotos de Cabo Silleiro, unha con máis de 70 topónimos produto da recollida oral e outra con nomes aportados polas fontes escritas e gráficas.



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

A outra sondaxe practicámola en Camposancos (A Guarda). Se no entorno baionés foron Albino o Gabirro o informante para a liña costeira, e Gito, Manolo Ratel, Manolo o Gardés, e sobre todo Selegante para As Estelas e os fondos; aquí no Miño e na costa campusina foron Jesús o Patapá, José Antonio Lomba e Remigio Álvarez os informantes entre Camposancos e más alá do porto guardés.


O río é outro mundo de marés, movemento dos areos, tipos de peixe, como meixóns, lamprea, troita, sable; e polo tanto de artes: tramallo, biturón, a rede do meixón, o alxerife, etc. Un mundo internacional, no caso de Camposancos, antano industrial e comercial, e un tramo marítimo cara á Guarda, riquísima en argazo, robalos, percebes, bois, mexillón, congos, etc., levou a unha explotación intensa, que xerou unha densidade topográfica inusual; falamos de 140 nomes en 2 km de costa do Puntal a Fontequente, que é o sector marítimo de Camposancos, deixando a un lado os fondos fronte a costa traballada polos mariñeiros da Guarda, usando marcas nos montes portugueses: Couso, O Gaiado, Arca Fechada, Mama Sabrosa, etc.

Salientamos outra volta o valor do informante que nos indicou máis de 200 topónimos que pasamos a numerar:

Río Miño	Os Ferros
As Argazosas	O Fondón de Seixas
O Forno do Duque	O Prado
As Pedras da Senra	O Muelle das Motoras
As Fontes	A Doca de Serrerías
A Escola da Pasaxe	A Fábrica "Serrerías del Miño"
A Fonte da Pasaxe	O Muelle do Serrucho
A Area	A Roncadeira
As Pesqueiras dos Xesuítas	A Roncadeira de Terra
O Colexio dos Xesuítas	O Muelle dos Trozos
As Casetas dos Ovos	O Muelle da Punta
A Pasaxe	O Muelle do Sal
A Rampla da Pasaxe	O Muelle da Cal
O Porto da Pasaxe	O Muelle dos Buracos
O Muelle da Pasaxe	Os Tendales do Caldeiro

A recollida oral. Os resultados

O Muelle Novo	As Pedras do Forte
A Pedra do Porto	A Cova do Forte
A Praia da Noria	A Pesqueira de Baixo / A Pesqueira Pequena
A Noria	A Pesqueira de Riba do Forte / A Pesqueira Grande
A Praia do Caldeiro	O Penedo do Forte / O Outeiro
O Caldeiro	O Pozo
A Cabra	A Praia
O Canón	O Guincho / O Gancho
O Puio	Os Alastres da Praia
A Pedra do Barqueiro	A Pesqueira do Tomón / A Pesqueira de Porto Madeiro
As Lobeiras / As Oliveiras	O Porto Madeiro
A Oliveira de Fóra	A Pesqueira dos Banquillos
A Oliveira de Terra/As Pedras de Dentro	Os Banquillos
A Pedra da Ovella	O Muíño do Forte
As Pedras do Monte	O Muíño de tío Sindo o Paragüero
A Pesqueira do Caldeiro	O Feno
As Pedras do Caldeiro	O Puntal / A Punta de Barbela
O Codesal	A Pesqueira do Puntal
A Armona	A Barbela
O Muelle da Armona	O Penedo do Puntal
O Cagatorio	As Pedras de Alfonso Cruzado
A Fragua	A Robaliceira
A Corveira	Detrás da Robaliceira
A Punta da Corveira	O Rego da Pisa
A Pedra do Berto	O Rego do Pan
A Lamiña	O Rego de Alfonso Cruzado
O Rebollo / O Reboullo de Terra	A Insuíña
O Rebollo / O Reboullo de Fóra	As Laxes
Os Fillos do Reboullo	A Entrada á Pinaza
O Cabró	A Pinaza
A Cabeza do Cabró	A Laxe
A Alcancia	Detrás das Laxes
A Laxita	
O Ribeiriño	
A Pedra dos Bois	



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA


O Pozo da Barbela
O Penedo do Pozo da Barbela
O Alboio
O Púlpito
O Rego do Púlpito
O Porto Santo
O Rego de Porto Santo
As Laxes de Porto Santo / O Alto da Redonda
Detrás da Redonda
A Cruz de Porto Santo
Porto de Seixos / Porto de Xuncos
Os Ferranchos
A Pedra de Porto de Seixos
A Cronqueira
A Cronqueira de Fóra
O Pozo da Cronqueira
A Fonte dos Bechos
Detrás das Travesas
O Petón da Caramuxeira
O Petón da Entrada da Caramuxeira
A Caramuxeira
A Ladeira do Sollás
O Petón do Sollás
O Canto do Pozo
O Outeiro do Sollás / A Pedra Alta
O Petonciño do Porto de Sollás / O Petonciño da Rampla do Sollás
A Rampla do Sollás
O Porto do Sollás / O Porto da Pedra Alta
A Laxe de Telviña
O Pozo de Luís
A Eiriña da Luisa

A Luísa / A Luísa de Dentro
O Petón da Luísa de Fóra
A Luísa de Terra
Os Pozos da Cadea
As Laxes de Cu Quente
O Petón da Torre
O Rego da Torre
A Torre
O Pozo da Torre
O Sarrido
A Ladeira de Sarrido
O Laño da Orosia
O Laño Grande
O Laño do Sur
As Quintáns do Sarrido
O Laño do Quico
A Lapa Falsa
A Pedra de Baixo / A Pedra do Queimado
O Viveiro
O Pozo da Pedra de Baixo
A Pedra do Padexal
O Pozo do Padexal
A Campana
Os Outeiros da Mariña
O Paso do Crunguido
O Rego do Crunguido
O Seixal
O Crunguido
O Petón de Crunguido
O Pozo do Costado / O Pozo das Cangrexas
A Pedra dos Serráns
O Paso da Queixada
A Queixada

Os Laños da Poza
O Rego das Pozas
A Pirímbla / A Piríngola
As Pozas
A Laxiña
A Calma de Rebel / Ribel
Rebel / Ribel
Os Baixos do Oropesa
O Petón de Ferro
Os Petóns de Rebel / Ribel
Os Petóns do Sur de Rebel / Ribel
As Portas do Mar
A Pedra Longa
A Pedra do Tío Pirocas
A Carrascosa
A Eiriña de Rebel
O Posto do Murgas
O Desembarcadeiro
A Pedra Redonda
O Norte de Rebel
O Petón do Norte
A Porta do Mar do Norte
A Piqueira
A Fonte de Apique
A Fonte do Cu Quente
A Chor
Fontequente
O Pozo de Fontequente de Riba
O Pozo de Fontequente de Baixo / O Pozo do Home
A Pedra do Home / A Santiña
O Pedroso
O Laño do Pireguas
O Camiño do Sur
O Petón da Argola

O Cabalo de Crunguido
Os Laños da Entrada da Queixada
O Laño de Fóra
Os Laños da Poza
Apique
O Pozo do Costado de Riba / O Pozo Largo / O Pozo das Enguías
A Lapa Falsa
O Laño do Sur / O Laño Grande do Sur
O Pozo do Lumear
O Pozo do Inferno
O Pozo das Pozas
Os Petóns de Apique
O Outeiro de Pedroso
A Laño da Pedra dos Serráns
Os Laños do Petón da Argola
Os Tres Laños de Pedroso
Os Arroios
O Ulleiro
O Camiño de Crunguido
O Cabalo
As Pías
Súafonte
Os Matos das Pozas
As Leiras da Torre
Os Muños / O Muño do Outeiro Pequeno
O Laño Grande de Pedroso

A recollida oral. Os resultados



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA






Recollendo argazo na Guarda.


Na introducción sinalamos que toda a información atopada sobre a zona aportaba un máximo de 60 nomes das Argazosas a Fontequente; puidemos comprobar como a realidade desvelounos 200 nomes máis. Á par da recollida fomos informados das artes de pesca, unhas vixentes e outras en desuso: a roda de acirrar a liña, o tramallo, o ganapán, a rede do meixón, acirrar ó zumbalé, as varas do crongo, os bicheiros do polbo, o fouciño, a rede do argazo, a raña dos percebes, a cana, pesqueiras, etc. E tamén de naufraxios: o Constantino Candeira, o barco do Queimado, o Cabo Oropesa ou un iate quizais do norte de Europa; algúns non aparecen nos libros de naufraxios (Pazos 2001, 2002; Patricio, 2003). O Cabo Oropesa deixoulle o seu nome ós Baixos do Oropesa ó sur de Rebel e outro barco ó Porto do Queimado.

- 66 -

Os xenéricos

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA






Previa á definición dunha serie de xenéricos costeiros que puidermos recoller ó longo dos traballos de campo, quizais conveña explicar qué entendemos por xenéricos para poder comprender mellor como se comportan e caracterizan nesta ampla e diferenciada franxa costeira, obxecto de estudo, que discorre desde o Esteiro do Río Miño (A Guarda) ata A Punta do Caranquexo (Panxón, Nigrán).

Podemos dividir os topónimos en dous planos interrelacionados. Por un lado, o lingüístico e, por outro, o xeográfico (s/a, s/d “Proxecto ...”, “Manual ...”). No primeiro aspecto podemos deslindar dous elementos:

- O específico, elemento do topónimo que o identifica de xeito particular (vg. A Longa, en Viladesuso, Oia).
- O xenérico, que describe a realidade xeográfica á que se refire. Este pode aparecer:
 - a. formando parte do topónimo, isto é, o xenérico explícito (vg. O Puntal das Orelludas, en Pedornes, Oia)
 - b. por si mesmo (vg. O Con en Santa María de Oia, A Laxe en Pedornes).
 - c. ou non aparecer, xenérico implícito, pero sempre vai identificar unha realidade xeográfica para a que os informantes teñen un xenérico na fala viva (vg. A Costadiza ou A Costariza, en Mougás, Oia, que identifica “laxe” como xenérico vivo na fala).



As xentes do mar víronse na obriga de nomear e usar unha serie de termos singulares ou propios de cada zona que definen e describen os elementos ou entidades xeográficas ás que se están a referir, de xeito que a mesma realidade fisiográfica pode recibir noutro punto da costa un xenérico diferente.

Hai casos nos que os xenéricos definen e precisan polo miúdo e de maneira explícita as realidades xeográficas que identifican. Contamos con numerosos exemplos ó longo da costa: o topónimo O Sollás, na zona marítima de Camposancos (A Guarda), é precisada con: A Rampla do Sollás, O Petonciño da Rampla do Sollás, A Ladeira do Sollás, O Petón do Sollás, O Porto do Sollás; ou tamén, por exemplo, na zona de Pedornes (Oia), o topónimo As Orelludas, é definida con: A Orelluda do Norte, A Orelluda do Sur, O Laxón das Orelludas, A Banqueta do Norte das Orelludas, A Banqueta de Fóra das Orelludas, O Rego das Orelludas, O Banco das Orelludas, O Puntal das Orelludas.

Contamos, na toponimia costeira recollida, marítima e fluvial, cunha serie de xenéricos singulares que son froito da interacción secular entre homes e mulleres (mariñeiro, percebeiro, argaceira) e o medio mariño e fluvial que pasamos a definir (Vilar Pedreira, X.L., R. Rodríguez Álvarez e B. Nieto Novoa, 2004; Vilar Pedreira, X.L. e R. Rodríguez Álvarez, 2005):

Allada. Mancha de area de menor amplitud na superficie do fondo do mar.

Baixo. Rocha próxima á terra que pode quedar descuberta na baixamar e na que rompen as marés fortes. Emprégase un rico vocabulario dos efectos da auga sobre os baixos: *mira como lava, como refoufulla, rebenta, vela, cubre, rompe*. Quen mellor marca a súa existencia é a formación de ondas, escuma ou rompente nos seus arredores.

Beirada. Franxa ou zona de contacto ou división entre o limpo e a superficie rochosa (vg. A Beirada de Oia, A Beirada de Portecelo). Coñécese como a beirada de fóra a zona do fondo do mar na que remata a plataforma litoral e aumenta moito a profundidade, requirindo outro tipo de artes de pesca e embarcaciós.

Brugal. Xenérico propio tamén da zona de Oia que designa a unha zona areosa da superficie do fondo do mar con presenza de cunchilla, isto é, restos de cunchas de ameixas, de mexillóns, de lapas, etc. (vg. O Brugal, en Santa María de Oia).

Cabezo. É a outra denominación que teñen aquelas pedras sempre cubertas e que rompen con marusías. É empregado máis na fala viva que nos topónimos (vg. O Cabezo do Boi, O Cabezo do Lobo, O Cabezo Vivo, Os Cabezos de Barxes, Os Cabezos do Outeiro).


Cantil. Zona na que remata a plataforma litoral e o fondo aumenta bruscamente de profundidade.

Carreira, paso ou carreiro. Os lugares ou espazos que reciben estes nomes son zonas habilitadas, tanto polas características do fondo como pola situación do mar: preamar, baixamar, calmo ou con marusía. Pasar por estos lugares de tránsito depende do prognóstico que determine o propio mariñeiro, sendo de vital importancia unha boa avaliación da situación (vg. A Carreira de Panxón, A Carreira da Bacoura, O Paso do Larido, O Carreiro, todos eles nas Estelas).

Castizal. Xenérico empregado polos mariñeiros na zona de Oia para designar á zona do fondo do mar con presenza de corais.

Con. Consérvase de forma escasa nesta franxa costeira como un xenérico case fosilizado, que se refire a unha pedra alta e afiada que se asoma á superficie da auga e que co devalo queda máis ou menos descuberta (vg. O Con, O Con de Isidro, en Santa María de Oia). Sen embargo, este xenérico é más frecuente na Ría de Arousa (Rodríguez Rodríguez, M, 1976).

Eiriña. Termo empregado en Camposancos (A Guarda) para a rocha plana (vg. A Eiriña da Luisa). Pola contra, os mariñeiros da costa de Oia empregan o xenérico **banqueta** ou **ladeira** para referirse a unhaaxe de gran tamaño de forma plana subsidiaria doutra maior que sae dunha pedra ou dun illote e que se atopa cuberta pola auga (vg. A Banqueta do Sur, A Banqueta de Terra, na Pedra da Agoeira, A Ladeira de Forxas, A Banqueta do Picoto da Longa).



Laño. Empregado en toda a costa para designar unha fenda, racha ou burato na rocha onde cría peixe coma congros, moreas, serráns, maragotas, pintos, polbos, etc. (vg. O Laño do Crongo, O Laño Grande, O Laño da Orosia, O Laño do Batedoiro, Os Laños dos Furtados, O Laño de Desiderio, O Laño do Pireguas).

Laxe. Común en toda a liña de costa para denominar a unha rocha que presenta unha superficie plana. É común ver tamén este xenérico formando topónimo por si mesmo (vg. A Laxe, A Laxiña, As Laxes).

Límpo. Extensión de superficie do fondo do mar formada por area.

Mesiña. Recollemos este termo como unha laxe próxima e menor a outra (vg. A Mesiña do Corveiro da Estela de Fóra) ou como rocha na parte alta das Estelas que serve como referente para as marcas. En ambos os dous casos o nome fai referencia á súa forma plana.

Olga. Laxe que non descobre coa baixamar pero que se pode ollar desde a embarcación. Áinda que se nos falou delas cubertas de argazo no sur dos Carallóns, non as recollemos como xenérico incluído en ningún topónimo.

Petón. Utilizado ó longo de toda a costa, este termo refírese ás rochas que asoman á superficie que cobre a preamar e nas que peta o mar e estoura (vg. Os Petóns de Fornos en Baredo-Baiona, O Petón das Mamas en Santa María de Oia). Fundamentalmente úsase na Guarda (vg. O Petón da Argola, O Petonciño do Sollás, Os Petóns do Sur e do Norte, estes últimos diante das praias de Fedorento, Area Grande e en Ribel)

Porta. Lugar de entrada e saída a outro espazo maior (vg. o acceso á Calma de Rebel son As Portas do Mar, A Barra de Portas na entrada norte do Miño, A Porta, entre Monteferro e A Estela de Terra, Os Secos da Porta Real na Doca). As cartas náuticas chámalle O Freu da Porta á Porta Pequena e O Freu das Estelas ó que recollemos como Entre as Estelas, co cal formulóusemos a dúbida se freu (do latín *fretus-us*, porta) sería un catalanismo aportado por alguén dos redactores das cartas, observándoo por vez

primeira no libro de rota de 1915 (s/a, 1915). Froito das conversas con Selegante, un dos informantes, púdose recoller que, para pasar por un lugar complicado, carreiro, paso ou carreira, ou acceder a un porto previamente hai que estar ó freu, isto é, a embarcación en posición e o mar en boas condicións.


Porto. Comunmente entendemos como porto o lugar de abrigo, natural ou artificial, para fondeadoiro e descarga de embarcacións de maior ou menor porte e dotado dunha serie de servizos e instalacións: surtidor de combustible, lonxa, varadouro, cámaras para o peixe, etc. Non obstante, puidemos recoillir moitos **portos** no tramo de costa entre O Cabo Silleiro e Camposancos, que, para os informantes, non son máis que un pequeno entrante ou abrigo natural na costa, nos que ás veces é difícil desembarcar (vg. Portosanfín, O Porto das Canelas, O Porto dos Barcos, O Porto de Ribasaltas, Porto de Xuncos, Porto de Seixos, Portecelo, O Porto do Sollás).

Ás veces porto é sinónimo de **rego** e **caneiro**, que vén sendo un entrante máis fondo e estreito entre o rochedo da costa (vg. O Rego do Canairo en Mougás, O Caneiro en Santa María de Oia).

Na zona fluvial un **regó** ten outra acepción, a dunha zona máis fonda que posibilita o tránsito. Na península de Monteferro, constituída por estratos de xisto flexionados, dispostos de forma vertical, xeran entradas na terra e configuran regos ou canles (vg. O Rego do Castaño, O Rego do Carreiro, O Rego da Furna, O Rego da Porta, O Rego do Coello ou O Rego da Londra).

Pracer. Xenérico propio da zona de Oia que define a unha zona ou páramo no fondo do mar, rico ou abundante en peixe como rodaballo, raias, linguados, abadexos, e en marisco: lagostas, centolas, bois, etc. Recollemos este xenérico nos topónimos (vg. O Pracer da Lagosta, en Pedornes, O Pracer dos Frades, O Pracer de Rodaballo, en Santa María de Oia).

Puntal / Punta. Saínte rochoso da costa de forma alongada, apuntada (vg. O Puntal de Serra, O Puntal do Foxo, O Puntal de Amor, O Puntal de Balea, O Puntal das Figosas, A Punta do Moutillón, A Punta do Cagareta, A Punta da Morena, A Punta da Sentinela, todos eles na Baía de Baiona e arredores).



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA



Afundimento do Highland Pride. Setembro de 1929.

Rego. Franxa ou mancha alongada e estreita de area no fondo do mar (vg. O Rego de Torrecelo, O Rego das Orelludas, en Pedornes e O Rego da Agoeira, en Santa María de Oia).




Seco. Xenérico propio da lingua mariñeira de Baiona, é aquela parte emerxente nun fondo más ou menos uniforme, isto é, nunha zona de 20 brazas de fondo atópase un sector con 14 brazas, unha elevación do fondo con cabezos e picos rochosos que nas súas beiras vai criar peixe. Na zona de Oia, á mesma realidade xeográfica, atribúeselle un xenérico distinto, "banco". Dentro da uniformidade da superficie do mar para saber volver a un seco ou a outro lugar de pesca son necesarias as marcas, das que xa se falou no apartado correspondente.


Serrón. Restinga de baixos, cabezos, cons, (vg. O Serrón do Naranxo, O Serrón do Lobo, O Serrón de Nordeste, O Serrón). Co parecido cos dentes dunha serra deu tamén outros topónimos (vg. A Serreira, Serrido, O Poste da Entreserra, A Praia e O Puntal de Serra, As Serralleiras).

Toudal. Zona de acumulación de bolos pétreos que se fan visibles nas baixamarés. É usado na zona de Oia (vg. O Toudal do Vidro, O Toudal da Rubia, O Laño do Toudal da Rubia, todos en Mougás).

Os nomes do mar. A súa temática

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA







Son moitos os motivos que levan a imponerlle un nome a un lugar. Hai algúns cun significado escuro para nós por seren palabras moi deformadas ou en desuso, mentres que a maioría transparentan unha aguda análise e coñecemento da natureza. Sen entrarmos en apreciacións filolóxicas é doadoo ollar varios grupos temáticos, como o de aqueles nomes que reflecten a acción violenta e sonora do mar nas pedras: A Bombardeira, Os Platillos das Estelas, A Pedra que Bole, O Pita o Tren, A Roncadeira ou Os Petóns de Fornos.

Outro grupo abondoso tamén é aquel formado por topónimos que aluden á morfoloxía como A Devanadoura, A Aguda, A Meda, O Navío Galán, A Mediña, O Gaiado, As Catro Mamas, Monteagudo, Os Picachos, A Bañeira, As Orelludas ou Os Cuitelos.

Outros débense ó aspecto cromático que lle confire a cor dos componentes naturais, a colonización de plantas e animais ou a simple visita dalgúns destes últimos como corvos mariños ou gaivotas: A Negra, As Negriñas ou Os Fillos da Negra, Seixos Negros, Arribas Brancas, A Pedra Rubia, A Laxe Rubia, A Cagada, As Laxes Vermellas ou Can Cagado.

Un apartado interesante para a etnografía e a historia é aquel dos nomes referidos ó uso actual ou doutro tempo, ás veces quedando a súa constancia unicamente no topónimo como A Salina, As Siñas, O Desembarcadoiro, A Punta da Sentinel, O Outeiro da Camboa, A Camboa de Xamúndez, As Camboínas, A Camboa, A Fragua, Os





Tendales, A Cetárea, O Forte, A Pesqueira do Caldeiro, O Forno do Duque, A Vía, A Ermida, A Capela, A Pedra do Forno ou O Castro.

Son moitos os antropónimos recollidos. Uns débense a que foron lugares de pesca, usados ou descubertos polos homes e mulleres que figuran nel como Onde Varea o Melaso, O Seco do Judas, O Mar do Lugo, O Laño do Desiderio, O Con de Isidro, A Pedra do Berto. Sitios onde estendían o argazo a secar como A Laxe da Felicia, A Laxe da Tía Casilda, A Laxe da Aurora ou lugares onde aconteceu algúun accidente como O Josesiño, O Peito Ancho ou San Francisco.

É grande o número de zootopónimos, ben pola súa abundancia: A Pedra dos Barbados, O Pintoeiro, O Laño do Congro, As Centolas, O Pracer do Rodaballo, O Porto das Caramuxas, O Lagosteiro, A Pedra dos Serráns; ben porque alí pousan: O Corveiro, A Pedra da Garza, O Outeiro do Curveiro; porque alí apareceron varados: O Porto das Baleas, O Baleal, Balea, O Outeiro do Baleal; pola semellanza física: O Cabaliño, O Cabalo, O Boi, O Centulo ou ben por outros motivos: A Pedra do Can, A Pedra dos Polbos, O Salto da Cabra, A Pedra do Grilo, O Cabo das Pombas ou O Rego da Londra.

Hai nomes que aluden ás artes de pesca ou a partes da embarcación que fican danadas polo accidente orográfico. Canto ás primeiras temos Rapapandullos e Papachumbadas, O Guincho ou O Gancho, O Rego do Pau e Os Ferranchos. Canto ás embarcacións atopamos Ferralemes e o abundante Rapatimóns.

Non faltan os nomes de plantas en Area das Canas, O Rego do Castaño, Feitales, A Herbeira, Os Xuncos, As Figueiras, O Pozo do Argazo, O Poxel, Lourido, Os Salgueiros, O Cabezo da Oliveira, O Naranxo; nin faltan tampouco haxiónimos como San Benito, Santana, San Francisco, Santa Marta ou Santa María de Oia.

E xa por último un apartado máis longo dedicado ós naufraxios, xa que evitálos é a causa da necesidade de marcar e nomear os perigos que ofrece a derrota polo mar. Pero ás veces, unha ou varias circunstancias deixan homes e embarcación ó capricho dos baixos, e non tan baixos, ou das ondas. Os barcos naufragados en varios casos deixaron pegada na nosa toponimia.

O 5 de abril do 1900, a lancha de pesca "La Regente" foi ó fondo por terra de Silleiro morrendo os seus once tripulantes (Pazos, 2001);

por este accidente coñécese o lugar coma a do Peito Ancho, que era o alcubo dalgún destes tripulantes, Juan Manuel Ramos ou Julio Ramos.

O 25 de xaneiro de 1906, por fóra de Silleiro, ó pé da Atravesada, enxurrou o barco inglés Collingham, salvándose os seus 24 tripulantes. Viña de Alexandría cargado de semente de algodón rumbo Shaspues (*El Miñor*, 27 de xaneiro de 1906, nº63; Pazos, 2001; Patricio, 2004). Á pedra na que varou chámase hoxe O Cunichán.

Preto do baixo anterior, en 1931, foi ó fondo o pesqueiro ABC, lugar hoxe así coñecido. Se desta volta, o 25 de xaneiro, morreron os seus oito tripulantes o 11 de outubro de 1958, partiulle o eixo de cola ó Cabo Villano, morrendo 3 dos seus cinco tripulantes, un dos superviventes é un dos nosos informantes, Remigio Leyenda.


En 1917 enxurrou o Cabo Oropesa nos baixos do SO de Ribel, na Guarda. Hoxe son Os Baixos do Oropesa. O barco sería recuperado, abordado e afundido entre Sálvora e Corrubedo o 15 de decembro de 1929 polo barco noruego Ciss (Pazos, 2001, 2003; Patricio, 2004).

Enfronte dos Baixos do Oropesa, na liña de costa, temos A Pedra de Baixo, tamén chamada A Pedra do Queimado, xa que alí bateu un pesqueiro, propiedade entre outros, dun home alcumado o Queimado.

Ó norte de Portecelo atópase a pedra chamada San Francisco, por ir ó fondo un pesqueiro portugués do mesmo nome. Morreron tódolos ocupantes.

Na Boca do Sur da ría de Vigo temos o lugar chamado O Barco do Sal ou O Conde de Barbate para nomear a zona onde foi ó fondo este barco abordado polo transatlántico francés Colombie, o 11 de outubro de 1955, cando saía do porto de Vigo. O Conde de Barbate estaba ancorado á espera de que levantara a néboa para entrar en Marín e descargar sal. Morreron cinco dos dez tripulantes.

O estudo dos naufraxios podémolo facer de xeito independente da toponimia e tamén en función dela. De maneira independente fomos acumulando datos a partir de fontes orais, do baleirado de tódolos números que se conservan na Biblioteca Pública Municipal de Baiona dos periódicos *El Valle Miñor* e *El Miñor*, de comezos do século XX. Baleiramos tamén o libro de actas de defunción do xulgado de paz de Baiona entre os anos 1899 e 1936 e tamén algún libro das axudantías



de mariña da Guarda e Baiona. Estes baleirados valéronnos para tentar detectar novos topónimos quizais en desuso, dos que polo momento só atopamos A Rampla de Mirambell ó sur da Cuncheira (Baiona). Por outra parte a combinación de datos orais, xornalísticos e documentais alármannos sobre o descoido da toponimia nas publicacións de naufraxios na costa galega. Pasamos a describir algúns erros.

La Regente enxurrou na costa de Baredo entre A Arquiña e O Baleal; é moi impreciso dicir a carón do faro de cabo Silleiro (Patrício, 2004).

Segue sendo impreciso dicir que o Collingham enxurrou nos baios de Cabo Silleiro, pero erro maior é emprazar a varada do Cabo Oropesa “entre los bajos de Pedralba y Rabelina inmediatos a la barra del río Miño”; realmente foi ó SO de Rebel ou Ribel, 1.500 m. ó norte da Barra do Norte do río e ó norte da Pedra Alta ou Sollás, pero nin Pedralba nin Rabelina.

Canto ó Skogland, que bateu nos Carallóns (Baiona) o 21 de febreiro de 1923, o autor (Pazos, 2001) transcribe que o barco se atopa afundido de proa a 600m. da praia da Cuncheira; Os Carallóns fican a uns catro quilómetros da Cuncheira. É Fernando Patrício (2004) quen empraza no mapa da zona o accidente do Skogland en Silleiro, aínda que no texto di “nos temidos farallóns fronte á costa de Baiona”.

Tanto o Highland Pride (setembro 1929) como o Aslaug foron ó fondo na Negra, punta norte da restinga que vai de Monteferro, As Estelas e As Pedras de Laxes. Unha análise polo miúdo diferencia As Estelas, As Serralleiras, As Pedras de Laxes, Os Carallóns e A Negra, aínda que nos textos atopamos unha mestura de todo “colisionou ftemente coa Pedra Negra dos Farallóns (sic)” para o Pride ou “petou nos fondos das Serralleiras” para o Aslaug (Patrício, 2004). Pazos (2001, 2003) cita Os Farallóns para este último buque e “As Serralleiras, islotes” para o Pride.

No 1930 enxurrou o buque de bandeira grega Assimacos no Outeiro Rosaleiro ó sur dos Vidros en Viladesuso, Patrício (2004) indica “naaxe dos Videos, xusto fronte ó baixo Robaleiro”. Nin Videos nin Robaleiro. O erro é tremendo en Pazos (2001). Di que “debido a la intensa niebla encalló en la playa de Sanín, a poca distancia de la restinga de Cabo Silleiro, el mercante de nacionalidad griega




Assimacos ...” De Silleiro a Porto Senín hai uns trece quilómetros, é porto non é praia, e foi no Outeiro Rosaleiro.

No 1931 nun baixo a SE do Lobo foi ó fondo, falecendo os seus oito tripulantes o pesqueiro ABC nun baixo hoxe chamado O ABC, que Pazos (2001) empraza á altura da desembocadura do río Miño. Supoñemos que será un erro tirado da prensa, xa que o lugar do afundimento está a 25 quilómetros do río. Patrício (2004) sitúa a traxedia “no con dos Lobos, na desembocadura da barra do Miño”.

Continúan os erros na narración do suceso do Thalassa acontecido a noite de fin de ano de 1948, no que só se salvou a nena de dez anos, Arnild (Pazos, 2001, 2003). Fala do paso entre A Carral e O Corveiro, contra as Pedras que sempre velan chamadas O Lobo. Son realidades orográficas próximas pero distintas. Patrício (2004) “no baixo Lodo”.


Referíndose ó pesqueiro Aralar, tanto Pazos (2001) como Patrício (2004), citan a pedra ou o con da Loba, o mesmo lugar no que foi ó fondo o Pride. Supoñemos un erro tirado da prensa, referíndose á Negra.


O 20 de maio de 1951 afundiuse o Cackeren que “se fue a empotrar en la piedra conocida como A Lagoa perteneciente a Os Farallóns”. Non coñecemos ningunha pedra con este nome (Pazos, 2001).



O patrimonio marítimo e fluvial

TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA






Traemos aquí este apartado por un dobre motivo. Por unha parte, salientar a pertenza da talasonomía ó patrimonio etnográfico inmaterial definido e protexido no Título IV, artigo 65 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 1995 e dependentes do servizo de arquitectura (Bermejo e Llinares, 2006). É evidente o perigo de desaparición no que se atopa debido ós trocos tecnolóxicos, económicos e á perda bioloxica de informantes e aínda que tentan potenciar o Proxecto de Toponimia de Galicia polo momento non se cumpre o escrito na lei : “a Consellería de Cultura promoverá e adoptará as medidas oportunas conducentes ó seu estudo, documentación científica e á súa recollida por calquera medio que garanta a súa transmisión e posta en valor”.

Dionisio Pereira define o patrimonio marítimo como “a totalidade das manifestacións vinculadas á actividade marítima dos homes e mulleres da beiramar ao longo do tempo, manifestacións que están inseridas no propio medio mariño”.

Estámonos a referir tanto a construcións como a obxectos ou creacións immateriais: peiraos, sinais marítimos ou vivenda mariñeira; embarcacións de todo tipo, artes de pesca ou imaxinería mariñeira, cancionero e tradición oral, fala mariñeira, técnica de traballo ou a hidroponimia”(Pereira, 2005, a; p.204).

O outro motivo deste apartado sobre o patrimonio marítimo é a parte inmóvel categorizada tamén por Dionisio Pereira (2003, p.14).



TALASONIMIA DA COSTA SUR DE GALICIA

A recollida toponímica do tramo Panxón-Salcidos revelou unha variedade riquísima de categorías inmóveis que pasamos a enunciar.

Asentamentos:

- Prehistóricos: O Castro
- Medievais: A Pescaría
- Actuais:
 - Vila: Baiona
 - Aldea: Portocelo, Viladesuso
 - Barrio: O Burgo

Arquitectura popular:

- Muíños de vento: Os Muños
- Muíños hidráulicos: O Muíño de Facorro
- Tendais:
 - De redes: O Tendal de Maciel
 - De argazo: A Laxe da Felicia
- Fontes
